

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER UNIVERSITARIO**

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2021

**Dunha parte**, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019, e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

**E doutra parte**, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e na súa representación en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,



## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe dos/as estudiantes e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

**SEGUNDO.-** Que o Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Esta complexidade, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudiantes de múltiples titulacións universitarias, sanitarias e non sanitarias, enfrentarse a situacóns reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesarias para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

**TERCEIRO.-** Que a Universidade de Santiago de Compostela ten a vontade de potenciar a realización de formación especializada e de prácticas en centros, unidades e servizos integrados na Consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e más completa formación e cualificación dos/as seus/súas alumnos/as.

**CUARTO.-** Que a lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade, establece no seu artigo 104 que toda a estrutura asistencial do sistema sanitario debe estar en disposición de ser utilizada para a docencia graduada, posgraduada e continuada.

**QUINTO.-** Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, prevé no seu artigo 24 o establecemento de



convenios con empresas e institucións, para a realización de prácticas académicas externas.

**SEXTO.-** Que o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudiantes universitarios, ten por obxectivo desenvolver a regulación polo miúdo das prácticas académicas externas dos estudiantes universitarios.

**SÉTIMO.-** Que, tanto a Consellería de Sanidade coma o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas desde as universidades.

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Así mesmo, o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa Presidencia correspónelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

**OITAVO.-** Que é vontade destas institucións intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito asistencial, facilitando o achegamento do alumnado universitario á realidade profesional e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos das distintas disciplinas que adquieren na Universidade.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a firma do presente convenio, de acordo



## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas de materias, prácticas tuteladas, prácticas clínicas ou prácticas académicas externas (en adiante, prácticas) a través dos cales os/as estudiantes poidan complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.

A devandita formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Quedan excluidas aquelas titulacións universitarias da área de Ciencias da Saúde que estean sujetas a regulación, ou concerto ou convenio específico.

Nos anexos I a XV definense as necesidades de formación práctica das diferentes titulacións da USC.

### Segunda.- Proxectos formativos das prácticas

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro e do artigo 6 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, os proxectos formativos das prácticas externas, contarán cunha planificación na que se fará constar: as competencias que debe adquirir o/a alumno/a, a dedicación en créditos ECTS ("European Credit Transfer Accumulation System", en galego "Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos"), as actividades formativas que debe desenvolver o/a alumno/a, o calendario e horario, e o sistema de avaliación.



Deste xeito para cada tipo de prácticas o centro ou facultade da USC que en cada caso corresponda elaborará un proxecto formativo que fixará os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os obxectivos estableceránse considerando as competencias básicas, xenéricas ou específicas que debe adquirir o alumnado. Así mesmo os contidos a desenvolver definiranse de forma que aseguren unha relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

Os proxectos formativos seguirán os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

#### **Terceira.- Lugar de realización das prácticas**

As prácticas obxecto deste convenio desenvolveránse nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde facilitarán a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos proxectos formativos de prácticas. En cada centro asistencial ou unidade administrativa onde se vaian realizar as prácticas fixarase un plan de formación específico acorde cos contidos e obxectivos establecidos en cada caso pola Universidade de Santiago de Compostela nos proxectos formativos.

A utilización dos ditos recursos e dispositivos asistenciais polos/as alumnos/as da Universidade de Santiago de Compostela non afectará de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros e servizos dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo os/as alumnos/as respectarán en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan, especialmente ás persoas coas que establecen relación e aos recursos que utilicen.

#### **Cuarta.- Dereitos e obrigas do alumnado en prácticas**

Os dereitos e obrigas do alumnado que acceda ás prácticas serán os previstos no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios, e as normas estatais que regulen a realización de



prácticas externas do alumnado universitario, así como no Regulamento de prácticas académicas externas dos/as estudiantes da Universidade de Santiago de Compostela.

O incumprimento por parte do/a alumno/a das súas obrigas ante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno/a en prácticas.

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos no seu proxecto formativo, así como ao acatamento das normas propias do centro ou servizo de acollida. Aplicaranse con diliencia ás tarefas encomendadas e gardarán sixilo sobre as tarefas que estean realizando durante o seu período de prácticas así como unha vez que este finalice, de acordo co sinalado na cláusula vixésima deste convenio.

#### **Quinta.- Selección do alumnado e selección dos centros para as prácticas**

A selección do alumnado que vaia realizar as prácticas externas no marco do presente convenio, corresponderá á Universidade de Santiago de Compostela, e deberá respectar os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade. Esta selección farase segundo o establecido no Acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015 polo que se aproba o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela, <http://hdl.handle.net/10347/13514>.

A Universidade de Santiago de Compostela deberá comunicar á Consellería de Sanidade o número de estudiantes propostos para a realización das prácticas obxecto do presente convenio, xunto coa referencia á titulación cujos estudos están cursando actualmente e os contidos e obxectivos da formación práctica para cada un deles, cunha antelación mínima de dous meses ao inicio da actividade que se solicita.

A selección dos centros asistenciais ou unidades administrativas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnas e alumnos aceptados/as corresponderá á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, unha vez consultados os correspondentes centros e dispositivos asistenciais e unidades administrativas, e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.



## **Sexta.- Duración das prácticas, horarios e réxime de permisos**

A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos regulados polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

A duración das prácticas externas extracurriculares a desenvolver nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade axustarase ao acordado pola comisión mixta de seguimento regulada na cláusula décimo sexta deste convenio.

Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudiante na universidade.

O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e o/a estudiante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas que se deriven polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos/das estudiantes.

## **Sétima.- Avaliación das prácticas**

A avaliación das prácticas realizará a Universidade a través do/a titor/a, á vista da memoria elaborada polo/a alumno/a e do informe do/a titor/a de prácticas do centro ou unidade do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade.

A asistencia ás prácticas é requisito indispensable para poder ser avaliado/a. O/A alumno/a deberá ter asistido polo menos ao 85% das horas de prácticas programadas.

## **Oitava.- Perda do dereito á realización das prácticas**

1. Un alumno ou alumna poderá perder o dereito á realización das prácticas nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade por algúns dos seguintes motivos:

- a) Baixo grao de aproveitamento.



- b) Falta de asistencia non xustificada.
  - c) Interferencia co labor asistencial do centro.
  - d) Acceso a áreas ou zonas do centro para as que non estea autorizado.
  - e) Causar intencionadamente danos á persoas, instalacións e/ou bens durante a realización das prácticas.
  - f) Calquera outro comportamento ou actuación dunha gravidade asimilable aos anteriores.
2. A declaración da perda do dereito á realización das prácticas requirirá da tramitación do seguinte procedemento:


Os/As titores/as do Servizo Galego de Saúde, co acordo da persoa responsable do centro no que se integre a unidade na que o/a alumna/o estivese realizando as prácticas, poderán instar o inicio do devandito procedemento nos supostos establecidos no apartado anterior.

Esta solicitude de inicio, xunto cos informes necesarios para o esclarecemento das circunstancias, será remitida ao/a titor/a da USC.

O decano, decana, director ou directora do centro universitario, á vista do expediente e previa audiencia da persoa interesada, ditará, de ser o caso e a proposta da Comisión Mixta de Seguimiento regulada na cláusula décimo sexta deste convenio, resolución de perda do dereito á realización das prácticas e os efectos sobre a súa avaliación, sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan. Esta resolución será notificada ao alumnado e ao Servizo Galego de Saúde. Contra ela poderá interpoñer recurso de alzada ante a Reitoría da USC.

#### **Novena.- Orientación e seguimento aos participantes**

Durante a realización de prácticas os/as estudiantes contarán con titores/as de conformidade co establecido no artigo 24.6 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro.



Os/as titores/as cumplirán os requisitos previstos no artigo 10 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as

estudantes universitarios/as, e terán os dereitos e obrigas que determinen as normas de aplicación ás prácticas académicas externas.

En todo caso, nos centros asistenciais e unidades administrativas onde se leve a cabo a formación práctica designarase un titor ou titora con vinculación ao centro ou unidade, con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para unha titorización efectiva, baixo cuxa supervisión realizará as prácticas cada estudiante, e que velará pola súa formación e polo cumprimento do seu proxecto formativo.

Os/As titores/as das prácticas comprométense a orientar e asesorar individualmente a cada estudiante, de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades e facilitar ao alumnado os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan, de xeito que poidan participar nos proxectos de traballo que se están levando adiante.

Tamén deberán facer un seguimiento formativo do alumnado que titorizan, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia das prácticas resulte beneficiosa.

Unha vez rematada a súa estancia formativa, a persoa designada polo centro asistencial ou unidade administrativa para a titorización, emitirá un informe sobre as actividades realizadas por cada alumna ou alumno durante o período de prácticas, indicando o período de duración destas (datas de inicio e fin) e o número de horas totais.

A Universidade de Santiago de Compostela, como recoñecemento do esforzo do persoal que titoriza a formación práctica, emitirá a cada profesional un certificado acreditativo do seu labor de titorización segundo o modelo vixente nesta universidade.

#### Décima.- Compromisos que asume a Universidade

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

- 1) Distribuir e seleccionar o alumnado que realizará as prácticas.
- 2) Comunicar coa debida antelación á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, os datos que permitan identificar aos/as alumnos/as que realizarán a formación



práctica obxecto do presente convenio, así como os correspondentes contidos e obxectivos da formación.


3) Facilitar ao alumnado que resulte admitido para a realización das actividades que se programen no marco do presente convenio, información sobre:

- A duración, calendario, horario e lugar das prácticas.
- Os traballos que, de ser o caso, teñan que entregar tanto durante o período de tempo en que se desenvolvan as prácticas, como á súa finalización (memorias, informes,...); todo isto, na forma en que se indique no Proxecto Formativo que se estableza.
- O carácter formativo das prácticas, de forma que comprendan que non poderán asumir responsabilidades nin realizar actuacións que esixan desempeño profesional.

Nesta liña, a Universidade realizará todo o necesario para que os traballos que se lle encomenden ao alumnado durante a realización das prácticas estean en consonancia coa finalidade principal do convenio, que non é outra que a de facilitar o seu estudio e formación; tendo en conta que o alumnado soamente poderá realizar actividades relacionadas co proxecto formativo asociado á titulación que está a cursar.

4) Velar para que a utilización de recursos e dispositivos asistenciais aos que teña acceso o alumnado na realización das prácticas, non afecte de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros ou servizos dependentes da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, así como para que respecten en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan e, especialmente, ás persoas coas que establecen relación e os recursos que utilicen.

5) Adoptar as medidas necesarias para garantir que o alumnado acate as normas propias do centro ou do servizo de acollida. Non obstante, a realización das prácticas axustarase ao proxecto formativo titorizado que, previamente ao seu comezo, se descrie, e que deberá conter as diversas actividades nas que o alumnado se iniciará, de xeito que debe quedar diferenciado o labor, dedicación e duración das



xornadas de prácticas do alumnado, respecto das que teñan os profesionais dos centros ou entidades onde as desenvolvan.

- 6) Expedir os certificados acreditativos do seu labor de titorización aos profesionais responsables das titorías de prácticas.
- 7) Organizar e coordinar actividades de formación para os responsables das titorías de prácticas que facilitem o intercambio de experiencias entre os/as profesionais da sanidade e o profesorado universitario, intensificando canles de colaboración.
- 8) Facilitar a participación das persoas responsables das titorías naqueles cursos, congresos, xornadas, etc., organizados polos departamentos responsables da docencia vinculada ás prácticas, que supoñan unha posibilidade de mellora do desenvolvemento das mesmas.
- 9) Verificar o cumprimento da cláusula décimo terceira relativa aos seguros do alumnado que solicite a realización das prácticas baixo ao amparo do presente convenio.
- 10) Solicitar aos seus alumnos a certificación negativa de delitos sexuais no caso de realizar prácticas con menores, informando á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

#### Décimo primeira.- Compromisos que asumen a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde comprométense a:

1. Informar a todas as institucións correspondentes e aos seus profesionais das características do presente convenio, apoiando a súa integración na realización das prácticas.
2. Posibilitar na medida das necesidades e recursos de cada momento, e sempre supeditado ás necesidades asistenciais, a liberación de parte do horario laboral daqueles profesionais que colaboren no programa de prácticas, para que poidan participar en actividades de formación relacionadas coas tarefas profesionais habituais ou para un mellor desenvolvemento das actividades prácticas.



3. Valorar, para os efectos oportunos no currículo persoal, as horas anuais correspondentes ás tarefas de tutoría nas prácticas, conforme á acreditación que outorgará a Universidade de Santiago de Compostela.
4. Ofrecer as condicións necesarias para recibir as persoas que vaian realizar as prácticas, comprometéndose a propiciar o óptimo desenvolvemento do proxecto formativo que se defina, facilitando ao alumnado os medios e recursos dos que disponen, así como a favorecer a implicación do persoal sanitario e non sanitario que traballe nas funcións de tutoría e coordinación das prácticas que lles competa realizar.
5. Facilitar a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos proxectos formativos que en cada caso se establezan de xeito que o alumnado poida realizar adecuadamente as prácticas.
6. Emitir e enviar á USC os informes de avaliación dos/das estudiantes ao seu cargo, no prazo de dez días naturais unha vez finalizado o período de prácticas.

#### **Décimo segunda.- Uso de instalacións da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde**

O alumnado que realice as prácticas ao abeiro do presente convenio poderá utilizar as instalacións e servizos das bibliotecas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, incluíndo os servizos e prestacións da biblioteca virtual (Bibliosaúde), nas mesmas condicións có persoal da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde.

#### **Décimo terceira.- Seguros**

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non se fan responsables dos accidentes ou enfermidades que o alumnado puidese padecer no transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a realización destas prácticas a persoas ou bens, debendo responder deles, de ser o caso, a Universidade de Santiago de Compostela.

Os alumnos e alumnas en prácticas estarán cubertos polo Seguro Escolar. Os/As estudiantes maiores de 28 anos estarán cubertos por unha póliza de seguro que cubra os



accidentes e enfermidades que a alumna ou o alumno puidese padecer no transcurso das súas actividades académicas incluindo as prácticas.

A Universidade de Santiago de Compostela ten contratada unha póliza de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir como consecuencia da realización das prácticas.

#### **Décimo cuarta.- Vinculación laboral**

De conformidade co establecido no artigo 24.9 do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, e no artigo 2 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, as prácticas externas de carácter formativo estarán axustadas á formación e competencia dos/as alumnos/as e o seu contido non poderá dar lugar, en ningún caso, á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo, nin xerará vínculo laboral nin contractual coa Consellería de Sanidade nin co Servizo Galego de Saúde.

#### **Décimo quinta. -Financiamento do convenio**

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico ningún para as institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria.

O alumnado ao amparo do presente convenio non poderá percibir contraprestación económica da Consellería de Sanidade nin do Servizo Galego de Saúde nin será incluído no réxime da Seguridade Social.

#### **Décimo sexta.- Comisión Mixta de Seguimiento do convenio**

Para o desenvolvimento e control daquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimiento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta por dous representantes designados pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e outros dous designados pola Universidade de Santiago de Compostela.

A Comisión de Seguimiento terá as seguintes competencias con respecto ás prácticas:

- 1.- Determinar a duración das prácticas extracurriculares, dentro do período establecido na normativa vixente.

- 2.- Determinar os períodos de tempo para a realización das prácticas, tanto curriculares como extracurriculares.
- 3.- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- 4.- Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e fórmulas de incremento da eficacia.
- 5.- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas.
- 6.- Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- 7.- Propoñer os casos de perda do dereito á realización das prácticas, previa tramitación do procedemento regulado na cláusula oitava deste convenio.
- 8.- Tratar e resolver as cuestións de diverxencia, que puideran xurdir no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo séptima.- Resolución de conflictos**

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento e, de persistir, serán elevadas a Reitoría da USC, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Os posibles conflictos que xurdan a raíz da execución dos diferentes proxectos formativos deberánse resolver mediante acordo entre o responsable académico das prácticas externas e o tutor ou titora do centro ou unidade.

#### **Décimo oitava.- Causas de resolución do convenio**

1. Os convenios extinguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.



- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra nun determinado prazo coas obligacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuizos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutras leis.

#### **Décimo novena.- Certificación negativa de delitos sexuais**

En cumprimento do artigo 13.5. da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuizamento civil, os centros e institucións sanitarias da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde esixirán ao alumnado de calquera nivel formativo que realice prácticas externas, a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais nos mesmos termos có persoal dos mesmos.

#### **Vixésima.- Dereito á dignidade e intimidade dos/das pacientes**

Na Orde SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, publicase o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o derecho á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde. (BOE 6 de febreiro 2017).



Este protocolo baséase en todas as normas xurídicas vixentes relacionadas co dereito á intimidade das persoas.

Segundo o establecido nel, os/as alumnos/as deben de estar correctamente identificados/as. A dirección do centro sanitario facilitaralles un cartón identificador que levarán en lugar visible.

Os/As pacientes teñen dereito a saber que hai alumnos/as en formación presentes no seu proceso asistencial e requirirse o seu consentimento verbal, que se reiterará se se realiza algún tipo de exploración física, procedemento clínico ou intervención con fins formativos.

No caso de que o/a paciente se negue expresamente, o persoal en formación non estará presente no proceso de atención asistencial.

Salvo supostos especiais consentidos polo/a paciente, durante os actos clínicos que se realicen en presencia do/a mesmo/a, non deberán estar presentes máis de tres alumnos/as por paciente.

Os/as alumnos/as, salvo consentimento expreso do/a paciente, só poderán acceder ao contido das historias clínicas previa disociación dos datos clínicos dos persoais, para garantir o seu anonimato, ou as historias clínicas simuladas polo/a responsable de docencia a fin de garantir que a aprendizaxe derivada das mesmas se realice respectando a intimidade e confidencialidade dos datos de saúde.

Estedereito de acceso limitáse ao coñecemento dos datos contidos nas historias clínicas, e non disporán en ningún caso de usuario de acceso aos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde.

No momento da súa incorporación, os/as alumnos/as deberán ser informados deste protocolo e asinarán un compromiso de confidencialidade segundo o modelo establecido na Orde SSI/81/2017, de 19 de xaneiro.

A realización de traballos fin de grado que impliquen no seu desenvolvemento o acceso a pacientes ou usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, ás súas mostras biolóxicas ou aos seus datos de carácter persoal, deberán cumplir cos requisitos ético-



legais aplicables á investigación biomédica en España e obter os informes e autorizacións que lles sexan de aplicación segundo o tipo de estudio. Tamén deberán axustarse á Instrucción 2/2020 relativa ao protocolo para o tratamento de datos de saúde en estudos de investigación biomédica (Resolución de 10 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade).

Os centros disporán dun libro rexistro de alumnos/as en formación que cumplirá os requisitos establecidos na lexislación en materia de protección de datos para a creación de ficheiros que conteñen datos persoais. No devandito rexistro envorcaranse anualmente os datos citados e a anotación relativa á que se subscribiu o compromiso individual de confidencialidade.

Os/As alumnos/as están sometidos ao deber de confidencialidade/segredo, non só durante a estancia no centro sanitario no que se estea formando, senón tamén unha vez concluída esta, sen que o deber se extinga pola defunción do/a paciente.

O deber de confidencialidade afecta tanto aos «datos íntimos» como aos datos biográficos do/a paciente e o seu contorno, cuxo coñecemento por terceiras persoas poida afectar os dereitos da persoa obxecto de tratamento.

O deber de confidencialidade/segredo non só se refire aos datos contidos na historia clínica do/a paciente senón tamén aos que se teña acceso mediante comunicación verbal, gravacións, vídeos, os contidos en calquera tipo de arquivo informático, electrónico, telemático ou rexistro público ou privado, incluíndo os referidos ao grao de discapacidade e información xenética.

O alcance do deber de confidencialidade esténdese tamén a calquera outro dato de carácter persoal, non só dos/das pacientes cos/coas que trate senón de calquera paciente, profesional ou terceiras persoas das que puidesen chegar a coñecer os ditos datos.

Por último, o deber de confidencialidade abarca tamén a calquera outra información que puidese chegar a coñecer durante o seu período de prácticas, ainda que non sexan datos de carácter persoal. Moitos dos elementos aos que terán acceso poder ter afectación sobre a seguridade das instalacións ou dos sistemas de información, afectar

aos intereses lexitimos de terceiros e tamén poden estar protexidos por dereitos de propiedade intelectual, patentes ou semellantes. Polo tanto non poden ser revelados ou utilizados sen autorización expresa do Servizo Galego de Saúde.

#### **Vixésimo primeira.- Vixencia do convenio, modificación e prórroga**

O prazo de vixencia deste convenio será de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou da súa prórroga, podendo prorrogarse de forma expresa por un período de ata catro anos adicionais . En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumplidos no correspondente curso académico.

O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión Mixta de Seguimiento do convenio e previo acordo das partes.

#### **Vixésimo segunda.- Natureza xurídica do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúvidas e lagoas que puidesen presentarse.

#### **Vixésimo terceira.- Rexistro de convenios, transparencia e bo governo**

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquer outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia,



acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### Vixésimo cuarta.- Protección de datos


As partes comprométense a cumplir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) protexe e garante o derecho fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 citado, coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

A USC para a realización das prácticas procederá a realizar a cesión dos datos persoais do seu alumnado ao Servizo Galego de Saúde para os únicos efectos de realización da actividade. A utilización para outros fins queda expresamente prohibida.

A información sobre privacidade e protección de datos figura en <https://www.usc.gal/gl/normativa/protecciondatos/index.html>.

O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á



entidade colaboradora información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá ainda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudiante asinará coa entidade colaboradora un documento en que se obrigue a cumplir o deber de segredo antes citado.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezado.

O conselleiro de Sanidade e  
Presidente do Servizo Galego de Saúde,



O reitor da Universidade  
de Santiago de Compostela,



## **ANEXOS**

**Anexo I.** Modelo-tipo de Proxecto formativo

**Anexos II a XV.** Necesidades de formación práctica das titulacións oficiais de Grao e Máster Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

<b>Anexo</b>	<b>Titulación</b>
Anexo II	Grao en Enfermaría
Anexo III	Grao en Farmacia
Anexo IV	Grao en Medicina
Anexo V	Grao en Nutrición Humana e Dietética
Anexo VI	Grao en Odontoloxía
Anexo VII	Grao en Óptica e Optometría
Anexo VIII	Grao en Pedagoxía
Anexo IX	Grao en Psicoloxía
Anexo X	Grao en Veterinaria
Anexo XI	Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados
Anexo XII	Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
Anexo XIII	Máster Universitario en Psicoxerontoloxía
Anexo XIV	Máster Universitario en Saúde Pública
Anexo XV	Titulacións non sanitarias



## Anexo I.- Modelo-tipo de proxecto formativo

**ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER UNIVERSITARIO**

**CURSO ACADÉMICO 202...../202....**

As persoas que asinan este documento manifestan que lerón e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

**1.- Tipo de prácticas:  Curriculares  Extracurriculares  Traballo fin de grao/máster**

**2.- Estudante beneficiario deste Convenio**

*Apelidos e nome:*

*DNI .....*

*Correo electrónico.....*

*Teléfono.....*

O/a estudante declara cumplir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula cuarta do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula décimo terceira do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).



**3.- Titulación e curso no que está matriculado ou matriculada**

.....  
**4.- Unidade/Servizo/Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as prácticas:**

.....  
**5.- Titor ou titora académica:**

*D/Dona.....*

*con DNI.....*

**6.- Titor ou titora de prácticas da Consellería de Sanidade/Sergas:**

*D/Dona.....*

*con DNI.....*

**7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa):**

*do..... ao .....*

*Nº total de días: ..... Horas/día: .....*

**8.- O réxime de permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do alumnado tal e como se establece na cláusula sexta, do presente convenio.

**9.- O obxectivo educativo** destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

**10.- Proxecto formativo** das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)




O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de afondamento dependerán dos labores que vai desenvolver o estudiante dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadía onde porá en práctica os coñecementos adquiridos adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

**11.- Sistemas de avaliación e control:** O titor ou titora académica, á vista do informe do titor ou titora de prácticas da Conselleria de Sanidade/Sergas e da memoria final da alumna ou alumno, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

**12.- O/a estudiante comprométese a cumplir coas obrigas establecidas no convenio:**

- a. Incorporarse na data acordada e cumplir o horario previsto no anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
  - c.1. O alumnado debe cumplir co disposto na Orde SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, publicase o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde. (BOE 6 de febreiro 2017)
  - c.2. Os/As alumnos/as están sometidos ao deber de confidencialidade ou segredo, non so durante a estancia no centro sanitario no que se estea formando, senón tamén unha vez concluída a mesma, sen que dito deber se extinga pola defunción do/a paciente. O deber de confidencialidade afecta tanto aos «datos íntimos» como aos datos biográficos do/a paciente e o seu entorno, cuxo coñecemento por terceiras persoas poida afectar aos dereitos da persoa obxecto de tratamento.



c.3. Asinar un compromiso de confidencialidade no momento da súa incorporación segundo o modelo publicado na citada orde SSI/81/2017.

c.4. Os/as alumnos/as, salvo consentimento expreso do/a paciente, só poderán acceder ao contido das historias clínicas previa disociación dos datos clínicos dos persoais, para garantir o seu anonimato, ou as historias clínicas simuladas polo/a responsable de docencia a fin de garantir que o aprendizaxe derivado das mesmas realizase respectando a intimidade e confidencialidade dos datos de saúde.

Este derecho de acceso limitase ao coñecemento dos datos contidos nas historias clínicas, e non disporán en ningún caso de usuario de acceso aos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde.

c.5. A realización de traballos fin de grado que impliquen no seu desenvolvemento o acceso a pacientes/usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, ás súas mostras biolóxicas ou aos seus datos de carácter persoal, deberán cumplir os requisitos ético-legais aplicables á investigación biomédica en España e obter os informes e autorizacións que lles sexan de aplicación segundo el tipo de estudio. Tamén deberán axustarse á Instrucción 2/2020 relativa ao protocolo para o tratamiento de datos de saúde en estudios de investigación biomédica (Resolución de 10 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade)

c.6. Por último, o deber de confidencialidade abarca tamén a calquera outra información que puidese chegar a coñecer durante o seu período de prácticas, ainda que non sexan datos de carácter persoal. Moitos dos elementos aos que terán acceso poder ter afectación sobre a seguridade das instalacións ou dos sistemas de información, afectar aos intereses lexítimos de terceiros e tamén poden estar protexidos por dereitos de propiedade intelectual, patentes ou semellantes. Polo tanto non poden ser revelados ou utilizados sen autorización expresa do Servizo Galego de Saúde.

d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da



entidade.

- e. Cumprir con diliencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

### 13.- Información sobre protección de datos da USC:

<b>Entidade</b>	Universidade de Santiago de Compostela
<b>Responsable do tratamento</b>	O órgano responsable do tratamiento é a Universidade de Santiago de Compostela. Para calquera dúbida poderá ponerse en contacto con <a href="mailto:protecciondatos@usc.gal">protecciondatos@usc.gal</a> . O Delegado de Protección de Datos é D. José Julio Fernández Rodríguez, <a href="mailto:dpd@usc.gal">dpd@usc.gal</a> .
<b>Finalidade</b>	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
<b>Lexitimación</b>	Prestación do servizo público de educación superior (Lei orgánica 6/2001, de universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).
<b>Persoas destinatarias</b>	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, as entidades colaboradoras para a realización das prácticas e nos supostos de obrigas legais.
<b>Dereitos</b>	As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamiento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica en <a href="http://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm">http://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm</a> .
<b>Información Adicional</b>	A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en: <a href="http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidad.html">http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidad.html</a> .
<b>Transferencias</b>	Non se prevén



internacionais	
----------------	--

**14.- Información sobre protección de datos do SERGAS/ Consellería:**

Formación e acreditación	
<b>Responsable do tratamiento</b>	Consellería de Sanidade como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia. Contacto do delegado de protección de datos: <a href="mailto:delgado.proteccion.datos@sergas.gal">delgado.proteccion.datos@sergas.gal</a>
<b>Fins do tratamento dos datos persoais</b>	Xestión e control das actividades formativas para a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a profesores, alumnos, alumnos en prácticas e asistentes a cursos. Acreditación da formación e profesores.
<b>Base xurídica do tratamiento</b>	RXPD: 6.1.b) Tratamento necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte o para a aplicación a petición deste de medidas precontractuales RXPD: 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigación legal aplicable o responsable do tratamento. RXPD: 6.1. e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión de interese público ou no ejercicio de poderes públicos.
<b>Detalle base xurídica</b>	Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Decreto 112/2015, de 31 de xullo. Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
<b>Categorías de interesados</b>	Profesores e alumnos que están involucrados nas actividades de formación y acreditación Representantes de entidades xurídicas
<b>Categorías de datos</b>	Datos identificativos: nome e apelidos, DNI/NIF/Documento identificativo, dirección, teléfono, imaxe, firma. Datos académicos e profesionais: detalles de emprego entidade ou organismo e posto que ocupa, formación, titulacións. Datos económico-financeiros: datos bancarios.



<b>Categorías de destinatarios</b>	Entidades financeiras para o caso de pagos Axencias tributarias Ministerio de Sanidade
<b>Transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais</b>	Non se atopan previstas
<b>Prazos previstos para a supresión dos datos</b>	Os datos tratados se conservarán durante o tempo necesario para cumplir coa finalidade para a que se recadaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dicha finalidade e do tratamiento dos datos. Ademais de os períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.  Os datos dos profesores se conservarán para futuras acciones formativas, salvo que soliciten a súa supresión. No caso de actividades remuneradas se conservarán o amparo do disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
<b>Medidas técnicas e organizativas de seguridade</b>	As recollidas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica segundo a categoría dos datos empregados no tratamento.
<b>Información adicional</b>	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na páxina web: <a href="http://www.sergas.gal/protecciondatos">http://www.sergas.gal/protecciondatos</a>

O que se asina, por triplicado, en ..... a .... de ..... de 202....

<b>O titor ou titora académico/a</b>	<b>O titor ou titora de prácticas da Consellería de Sanidade/Sergas,</b>	<b>O/a estudiante,</b>
Asinado: .....	Asinado: .....	Asinado: .....

\* Conforme ao disposto na cláusula décimo primeira, apartado 6, o informe deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.



## **Anexo II.- Necesidades de formación práctica do Grao en Enfermaría**

### **(Prácticas en período non lectivo)**

---

#### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Grao en Enfermería.
2. O Grao en Enfermería regúlase pola *Orden CIN/2134/2008, de 3 de julio, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Enfermero*.
3. A titulación de Grao en Enfermería a impartida pola USC ten como obxectivo formar profesionais capaces de prestaren unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada, consonte ao estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos en cada momento, que poidan comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, comunidade, dentro do seu contexto social, con entendemento dos principios teóricos e metodolóxicos da enfermaría.

Asi mesmo, búscase que fomenten estilos de vida saudables, o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas, protexendo a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, grantindo a súa seguridade, e establecendo unha comunicación eficaz.

4. Este anexo refirese as prácticas extracurriculares da titulación de Grao en Enfermería que se desenvolvan en período non lectivo. Quedan excluídas as prácticas externas curriculares obligatorias.
5. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Enfermería da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable das mesmas conforme ao estipulado no plan de organización docente.

#### **2. Prácticas Académicas Externas do Grao en Enfermería**



As prácticas académicas externas en período non lectivo poderanse levar a cabo en institucións sanitarias para completar a súa formación sen que sexan necesarias para a obtención do título. Realizanse con carácter voluntario durante o seu período de formación e, aínda tendo os mesmos fins, non están incluídas no plan de estudos.

## DURACIÓN

As prácticas externas extracurriculares terán unha duración mínima de 150 horas e máxima de 300 horas.

A actividade levarase a cabo cunha dedicación de 7 horas ao dia durante un período que abarca entre 4 ou 8 semanas e implicará ou recoñecemento de entre 5 e 10 créditos ECTS non expediente do/a alumno/a, sempre que se xustifique ter acadado as competencias previamente establecidas.

Enténdese esta dedicación cunha permanencia na institución de 7 horas diárias durante o período establecido, ou que representa un total de entre 140-280 horas presenciais, ás que se engadirán 10-20 horas de traballo persoal por parte do/a alumno/a (total: 150 horas ata 300 horas).

## OBXECTIVOS

1. Contribuir á formación integral dos estudiantes de Enfermería complementando o seu aprendizaxe teórico e práctico.
2. Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que os estudiantes haberán de operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
3. Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.
4. Obter experiencia práctica que facilite a inserción no mercado laboral e mellore a súa futura empregabilidade.
5. Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.



## Anexo III.- Necesidades de formación práctica do Grao en Farmacia

### 1. Consideracións xerais

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Grao en Farmacia.
2. O Grao en Farmacia regúlase polo *Decreto 150/2010, do 16 de setembro, polo que se autoriza a implantación e se suprime ensinanzas universitarias oficiais nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2010-2011 e se crean, suprime e modifican centros universitarios* (DOG nº 184 de 23 de setembro de 2010) e pola *Resolución de 17 de febrero de 2011, de la Universidad de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios de Graduado en Farmacia* (BOE nº 53 de 3 de marzo de 2011).
3. O título de Grao en Farmacia impartido pola USC ten como obxectivo formar titulados en Farmacia altamente cualificados, con capacidade para intervir nas actividades de promoción da saúde e de prevención da enfermidade no ámbito individual, familiar e comunitario, cunha visión integral e multiprofesional do proceso saúde-enfermidade, contrastando os coñecementos teóricos e prácticos que adquiriron no estudo das materias do grao, demostrando a súa capacidade crítica e reflexiva e a súa capacidade para a toma de decisións, ademais da posta en práctica da súa capacidade de análise e síntese. Como consecuencia, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación e prácticas en Farmacia (Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas Curriculares Optativas), coa finalidade de dar cumprimento ao seu programa docente e contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado. As Prácticas Tuteladas desenvolveranse exclusivamente nos servizos de farmacia hospitalaria, en tanto que as Prácticas Externas Curriculares Optativas realizaranse nos centros asistenciais ou nas unidades administrativas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, de xeito que queden excluídos os servizos de farmacia



hospitalaria.

4. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Farmacia da USC. Nas Prácticas Tuteladas a titoría e coordinación será realizada polo profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente, sendo a persoa titular do Decanato a súa responsable máxima. No caso das Prácticas Externas Curriculares Optativas, a titoría e a coordinación será realizada pola persoa encargada da coordinación das Prácticas Externas da Facultade de Farmacia.

## 2. Prácticas Tuteladas

As Prácticas Tuteladas realizaranse exclusivamente nos servizos de farmacia hospitalaria e terán unha duración de seis meses a tempo completo (840 horas), nos períodos de setembro a febreiro ou de febreiro a xullo, en cumprimento da Directiva 2005/36 CE, artigo 44.2.b. A súa realización e superación suporá o recoñecemento e a incorporación ao expediente do alumno de 24 créditos ECTS de carácter obligatorio.

### COMPETENCIAS DA MATERIA

- Coñecer a organización dun Servizo de Farmacia Hospitalaria (SFH).
- Coñecer a xestión de medicamentos e produtos sanitarios: selección, adquisición, distribución, conservación, custodia e dispensación dos medicamentos e outros produtos farmacéuticos no Servizo de Farmacia Hospitalaria.
- Deseñar, optimizar e elaborar fórmulas maxistrais e preparados oficiais, garantindo a súa calidade.
- Proporcionar atención farmacéutica e aplicar protocolos de actuación farmacéutica aos pacientes ingresados no hospital e realizar un seguimiento farmacoterapéutico.
- Aplicar os protocolos de notificación de reaccións adversas producidas por medicamentos.



## PLAN DE FORMACIÓN

Coñecementos que se deben adquirir	Actividades de aprendizaxe
<p>1. Funcionamento xeral. Integración e relación con outros servizos do hospital e a súa área sanitaria. Comisiones clínicas. Comisión de Farmacia e Terapéutica en estruturas de atención primaria.</p> <p>2. Informatización de actividades.</p> <p>3. Docencia e investigación.</p>	<p>Elaborar un procedemento de traballo sinxelo dunha determinada actividade do Servizo de Farmacia.</p> <p>Determinar algún tipo de indicador básico de actividade ou calidade.</p> <p>"</p>
<p>1. Oferta de medicamentos. Catálogo de especialidades farmacéuticas.</p> <p>2. Métodos e criterios de selección de medicamentos e produtos sanitarios.</p> <p>3. Comisión de Farmacia e Terapéutica.</p> <p>4. Guía Farmacoterapéutica. Obxectivos, contido, elaboración e actualización.</p>	<p>Elaborar un informe técnico e económico sobre a selección dun medicamento.</p> <p>Establecer o protocolo de utilización dun medicamento.</p> <p>Analizar as pautas de utilización dun medicamento.</p> <p>"</p>
<p>1. Conservación e almacenamento de medicamentos: termolábiles, estupefacientes, psicótropos, muestras de ensaios clínicos. Control de caducidades. Organización de almacéns.</p> <p>2. Xestión de stock de medicamentos. Conceptos básicos.</p>	<p>Levar a cabo o control da recepción, condicións de almacenamento e caducidade de diferentes especialidades farmacéuticas ou produtos sanitarios.</p> <p>Redacción un informe en relación coas condicións de conservación, dirixido ao persoal implicado na súa utilización ou ao usuario.</p>
1. Normativa relativa á prescripción médica	Interpretar a prescripción médica de



<p>dica. Tipos de medicamentos para a súa dispensación (H, DH, Receita, Especiais: estupefacientes, psicótropos, ECM). Documentación utilizada.</p> <p>2. Substitución de medicamentos polo farmacéutico: criterios, bases legais e técnicas. Programa de equivalentes terapéuticos.</p> <p>3. Dispensación de medicamentos no hospital:</p> <p>Pacientes hospitalizados:</p> <p>Atención farmacéutica ao paciente ingresado a través do sistema de dispensación en doses unitarias.</p> <p>Identificación e seguimento dos PRM. Intervención farmacéutica.</p> <p>Dispensación despois da alta en tratamientos agudos.</p> <p>Pacientes externos:</p> <p>Atención farmacéutica ao paciente externo:</p> <p>Programas especiales (VIH, nutrición domiciliaria, hepatitis C, etc.).</p> <p>Seguimiento e detección de PRM en pacientes polimedicados na consulta externa.</p>	<p>cada paciente.</p> <p>Confeccionar unha historia farmacoterapéutica estruturada, recollendo datos que poidan ser útiles para detectar e resolver posibles problemas relacionados coa medicación, actuais ou futuros.</p> <p>Identificar problemas relacionados co tratamiento farmacolóxico dos pacientes e aplicar procedementos para a súa resolución.</p> <p>Coñecer a sistemática de rexistro (procedemento de intervención e análise da aceptación) dos PRMs.</p> <p>Dar resposta a aspectos relacionados coa dispensación, distribución e control dos medicamentos que presenten unhas esixencias especiales, de acordo coa lexislación vixente.</p>
<p>1. Coñecemento das fontes bibliográficas básicas.</p> <p>2. Selección e utilización da información.</p>	<p>Seleccionar fontes bibliográficas e realizar buscas, como consecuencia dunha</p>



<p>ción de medicamentos.</p> <p>3. Coñecemento dos diferentes problemas relacionados cos medicamentos.</p> <p>4. Información farmacoterapéutica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Ao paciente (oral e escrita).</li> <li>Á alta.</li> <li>Ao paciente externo.</li> <li>Ao persoal sanitario (persoal médico, persoal de enfermaría).</li> </ul>	<p>demandas de información.</p> <p>Avaliar a información de maneira obxectiva en un prazo de tempo idóneo.</p> <p>Elaborar notas informativas normalizadas dirixidas ao profesional sanitario.</p> <p>Levar a cabo a información ao paciente: información oral e reforzo escrito.</p> <p>Establecer un sistema de recuperación da información.</p>
<p>1. Alertas farmacéuticas. Tipos: seguridad, calidad.</p> <p>2. Programa Nacional de Farmacovigilancia. Detección e comunicación de reacciones adversas. Tarxeta amarela.</p>	<p>Levar a cabo un proceso de comunicación e seguimiento dunha alerta farmacéutica no hospital.</p> <p>Detectar e comunicar, polo menos, unha reacción adversa mediante o sistema de notificación voluntaria.</p>
<p>1. Formas farmacéuticas non estériles.</p> <p>1.1. Prescripción e rexistro de fórmulas maxistrais.</p> <p>1.2. Metodoloxía e útiles para a súa elaboración, materias primas, excipientes. Normativa legal.</p> <p>1.3. Fontes de información más usadas en relación coa formulación maxistral.</p> <p>1.4. Elaboración de fórmulas normalizadas no hospital. Criterios. Control de calidad. Identifica-</p>	<p>Establecer un protocolo de elaboración e control dunha fórmula maxistral sólida e outra líquida para administrar por vía oral.</p> <p>Establecer un protocolo de elaboración e control dunha fórmula maxistral para administrar por vía tópica.</p>



<p>ción, conservación, caducidade.</p> <p>2. Dosificación individualizada. Metodoloxía.</p> <p>3. Formas farmacéuticas estériles. Tipos. Nocións básicas: técnica de preparación, esterilidade, estabilidade.</p> <p>4. Elaboración de mesturas intravenosas. Metodoloxía. Material sanitario relacionado coa administración ao paciente (infusores, ...).</p>	
--	--

Para completar a formación do estudiante, está prevista a realización de actividades complementarias programadas polo profesorado asociado a base de conferencias que se procurarán concentrar nunha semana ao final ou ao comezo do período de realización das estadiás. A asistencia dos alumnos a estas actividades é obligatoria. Ademais, poderanse organizar actividades optativas a coñecer en función do seu desenvolvemento no Servizo de Farmacia, orientadas a incrementar a formación no campo da atención farmacéutica, tales como:

- Nutrición artificial. Valoración do estado nutricional. Deseño e preparación de dietas de nutrición parenteral e enteral. Seguimento dos pacientes.
- Reconstitución e dosificación de citostáticos. Centralización.
- Farmacocinética clínica. Tipos de medicamentos a monitorizar.
- Atención farmacéutica ao paciente xeriátrico nunha residencia sociosanitaria.
- Ensaios clínicos. Participación do Servizo de Farmacia. Normativa legal.

### 3. Prácticas Externas Curriculares Optativas

As Prácticas Externas Curriculares Optativas poden desenvolverse en distintos centros e servizos agás os servizos de farmacia hospitalaria. Terán unha duración



variable, comprendida entre 4 e 8 semanas, no período de xullo a setembro. A súa realización e superación suporá o recoñecemento e a incorporación ao expediente do alumno de 4'5 ou 9 créditos ECTS de carácter optativo, en función da súa duración, 140 e 280 horas respectivamente.

## PROGRAMA FORMATIVO "FARMACÉUTICO DE ATENCIÓN PRIMARIA"

### 1. Información sobre medicamentos e produtos sanitarios dentro do equipo de atención primaria

- Información activa: comunicación de alertas, novedades, indicadores, programas de uso racional e calquera outra información de interese.
- Información pasiva: resolución de consultas.

### 2. Xestión de medicamentos e produtos sanitarios

- Control da dotación para usar dentro do centro de saúde, ou de aqueles que precisen especial supervisión e control.
- Control da dotación para residencias sociosanitarias.

### 3. Asistencia a usuarios en temas de medicamentos e produtos sanitarios.

- Información e formación
- Informes farmacoterapéuticos
- Seguimiento farmacoterapéutico
- Farmacovixilancia
- Educación sanitaria
- Homologación de receitas
- Dispensación

### 4. Participación en programas de uso racional de medicamentos e produtos sanitarios.

- Polimedicados

### 5. Coordinación

- Con oficinas de farmacia
- Con atención especializada
- Coa administración sanitaria.



## 6. Docencia e investigación

- Sesións clínicas
- Proxectos de investigación
- Comunicacións a congresos
- Publicacións

## 7. Outros

### PROGRAMA FORMATIVO "FARMACÉUTICO ANALISTA"

#### 1. Conceptos básicos do laboratorio de análisis

#### 2. Análises clínicos

- Bioquímica xeral
- Bioquímica enzimática
- Inmunoquímica: hormonas, marcadores tumorais, drogas de abuso, monitorización de fármacos
- Líquidos biológicos e ouriños

#### 3. Laboratorio de Inmunología

- Inmunología humorial: autoinmunidade, alerxias
- Inmunología celular

#### 4. Microbiología e Parasitología


- Bacteriología xeral: exudados, líquidos orgánicos, hemocultivos, ouriños, exudados bronquiais, aspirados e tecidos, sondas e catéteres, fezes
- Micobacterias
- Micoloxía clínica
- Parasitología: fezes, outras mostras: parásitos sanguíneos
- Virus: cultivo, identificación
- Biología molecular: PCR e PCR en tempo real, cargas virais, secuenciación
- Serología: automatizada, probas especiais e manual

#### 5. Garantía de calidad no laboratorio

#### 6. Outros

#### 7. Docencia e investigación

- Proxectos de investigación



- Comunicacións a congresos
- Publicacións

#### PROGRAMA FORMATIVO "FARMACÉUTICO DE SAÚDE PÚBLICA"

1. Concepto de Saúde Pública
2. Programas de Saúde Pública
3. O laboratorio de Saúde Pública
4. Enfermidades transmisíbeis e non transmisíbeis
5. Factores de risco
6. Hábitos alimenticios e hixiene alimentaria
7. Prevención da enfermidade (vacinas, metabolopatías) e promoción da saúde
8. Saúde laboral
9. Outros
10. Docencia e investigación
  - Proxectos de investigación
  - Comunicacións a congresos
  - Publicacións

#### PROGRAMA FORMATIVO "FARMACÉUTICO DE XERENCIAS SANITARIAS"

1. Catálogo de medicamentos
2. Novidades terapéuticas
3. Procedemento de excelencia do Catálogo. Reclamacións e queixas
4. Base de datos de obxectivos
5. Outros
6. Docencia e investigación
  - Proxectos de investigación
  - Comunicacións a congresos
  - Publicacións

PROGRAMA FORMATIVO EN INSTITUTOS OU FUNDACIONES PÚBLICAS DE  
INVESTIGACIÓN SANITARIA E OUTROS (Medicina Xenómica, INIBIC, etc.)



Debido á singular natureza destes centros, o alumno desenvolverá un Programa Formativo deseñado conxuntamente entre o titor/coordinador académico e o titor/coordinador da entidade colaboradora.




## **Anexo IV.- Necesidades de formación práctica do GRAO EN MEDICINA**

### **(prácticas en período non lectivo)**

#### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Grao en Medicina.
2. O Grao en Medicina regúlase pola *Resolución de 17 de decembro de 2007 da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros de 14 de decembro de 2007, polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os planes de estudos conducentes á obtención dos títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de médico* (BOE nº 305, de 21 de decembro de 2007), e pola *Orde ECI/332/2008, de 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de médico* (BOE nº 40, de 15 de febreiro, de 2008), así como o plan de estudos do grao.
3. A titulación de Grao en Medicina impartida pola USC ten como obxectivo formar profesionais altamente cualificados para o coidado da saúde do ser humano, mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas á prevención, detección, avaliación e tratamiento das alteracións da saúde que dean resposta ás demandas sanitarias da sociedade. Para iso adquirirán coñecementos, habilidades e destrezas na metodoloxía e técnicas específicas no campo da medicina. Todo elo dende o compromiso cos principios éticos e deontolóxicos da profesión da medicina.
4. As prácticas amparadas baixo este anexo engloban as prácticas curriculares e as extracurriculares da titulación de Grao en Medicina que se desenvolvan en período non lectivo. Quedan excluídas as prácticas clínicas e as prácticas externas curriculares obligatorias (rotatorio clínico).



5. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable das mesmas conforme ao estipulado no plan de organización docente.

## 2. Prácticas Académicas Externas do Grao en Medicina

### OBXECTIVOS

Afondar nos seguintes obxectivos xerais:

- Identificar os criterios de saúde.
- Coñecer a patoloxía médico-cirúrxica máis frecuente nos seus aspectos clínicos e terapéuticos.
- Saber indicar e interpretar os exames complementarios básicos necesarios para o diagnóstico da devandita patoloxía.
- Saber facer unha historia clínica.
- Semioloxía completa por órganos e sistemas.
- Saber valorar as constantes biolóxicas básicas.
- Medir parámetros antropométricos e saber valoralos.
- Coñecer os fundamentos básicos do medicamento preventivo.
- Coñecer na práctica os conceptos de asepsia e antisepsia.
- Coñecer os fundamentos básicos da medicina de urxencia.
- Coñecer a importancia do traballo en equipo.
- Manobras básicas de reanimación.
- Introdución a curas, punción lumbar, reacción tuberculínica, sondaxe vesical, canalización de veas, administración de medicamentos e sondaxe nasogástrico.

### CONTIDOS

As prácticas académicas externas en período non lectivo poderanllevar a cabo en institucións sanitarias. A actividade en dedicación a tempo parcial durante un mes implicará o recoñecemento de 3 créditos ECTS no expediente do/a alumno/a, sempre que se xustifique ter acadado as competencias previamente establecidas. Enténdese dedicación a tempo parcial e permanencia na institución de 3 horas diárias du-



rante catro semanas, ou 6 horas diárias durante 2 semanas, o que representa un total de 60 horas presenciais, ás que se engadirán 15 horas de traballo persoal por parte do/a alumno/a (total: 75 horas).

### **3. Colaboradores docentes**

Os profesionais sanitarios que titoricen as prácticas amparadas baixo este anexo así como aquellas amparadas baixo o concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a colaboración na docencia e investigación universitarias e a asistencia sanitaria serán considerados colaboradores docentes e recibirán un diploma acreditativo do seu labor. Tamén poderán acceder a outros servizos da USC nos termos que se fixen no respectivo convenio ou concerto.



## Anexo V. Necesidades de formación práctica do GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA

---

### 1. Consideracións xerais

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encontra-se o programa de formación do Grao en Nutrición Humana e Dietética.
2. O Grao en Nutrición Humana e Dietética regúlase pola *Resolución de 22 de noviembre de 2010, de la Secretaría General de Universidades, por la que se publica el Acuerdo de Consejo de Ministros de 12 de noviembre de 2010, por el que se establece el carácter oficial de determinados títulos de Grado y su inscripción en el Registro de Universidades, Centros y Títulos* (BOE nº 305 de 16 de diciembre de 2010), pola *Resolución de 17 de febrero de 2011, de la Universidad de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios de Graduado en Nutrición Humana y Dietética* (BOE nº 53 de 3 de marzo de 2011) e pola *Orden CIN/730/2009, de 18 de marzo, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Dietista-Nutricionista* (BOE nº 73 de 26 de marzo de 2009).
3. O título de Grao en Nutrición Humana e Dietética impartido pola USC ten como obxectivo formar titulados en Nutrición Humana e Dietética altamente cualificados, con capacidade para poñer en práctica as competencias adquiridas nas materias de grao relacionadas coa actividade que se desenvolve nos centros da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, contrastando os coñecementos teóricos e prácticos que adquiriron no estudo das materias de grao, demostrando a súa capacidade crítica e reflexiva e a súa capacidade para a toma de decisións, ademais da posta en práctica da súa capacidade de análise e síntese. Como consecuencia, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación e prácticas en Nutrición Humana e Dietética coa



finalidade de dar cumprimento ao seu programa docente e contribuir a unha mellor e más completa formación e cualificación do estudiantado.

4. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Ciencias da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable das mesmas conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente.

## 2. Plan de formación práctica

O seguinte proxecto formativo corresponde as prácticas académicas externas do alumnado que cursa o Grao en Nutrición Humana e Dietética que se imparte na Facultade de Ciencias de Lugo, en función do tipo de prácticas realizadas: curriculares, extracurriculares ou traballo fin de grao.

### A) PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES

Segundo o programa de estudos da titulación publicado no BOE o 3 de marzo de 2011 (Resolución de 17 de febreiro de 2011, da Universidade de Santiago de Compostela pola cal se publica o plan de estudos do Grao en Nutrición Humana e Dietética), as prácticas académicas externas curriculares correspóndense coa materia denominada "Practicum", de 24 créditos ECTS (25 h/crédito ECTS), de carácter obligatorio e correspondente ao 4º curso (2º semestre) da titulación.

A actividade formativa distribuirase da seguinte forma de acordo co plan de estudos vixente:

- Prácticas: 490 horas presenciais na entidade colaboradora e 98 horas de traballo do alumno.
- Titorías individuais: 10 horas presenciais.
- Avaliación e revisión: 2 horas presenciais.
- Total 600 horas.

### OBXECTIVOS

- Ser capaces de integrar coñecemento e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.



- Saber comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Coñecer e aplicar a lexislación, regulamentos e normativas legais en vigor que sexan de aplicación en virtude dos contidos dos estudos de Grao.

## COMPETENCIAS

O practicum consiste na realización de prácticas preprofesionais, cunha avaliación final de competencias, en hospitais, centros de asistencia primaria e socio-sanitarios, organizacións comunitarias, industrias alimentarias e de restauración colectiva, que permitan incorporar os valores profesionais e competencias propias do ámbito clínico, administrativo ou de saúde pública relacionadas coa nutrición humana e dietética.

As competencias adquiridas no desenvolvemento desta materia (básicas, xerais, específicas e transversais) atópanse dispoñibles na súa guía docente: <http://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grano-nutricion-humana-dietetica/20202021/practicum-13955-13548-2-84424>.

## B) PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

As prácticas académicas externas extracurriculares terán carácter voluntario e non formarán parte do plan de estudos do Grao. Figurarán no expediente do alumnado e no Suplemento Europeo ao Título sempre que se realicen antes da finalización dos estudos, conforme determine a normativa en vigor.

As citadas prácticas terán unha duración preferentemente non superior ao 50% do curso académico, é dicir, 30 ECTS (equivalentes a un máximo de 750 horas, 25 h/ crédito ECTS ).

En canto ás actividades que se deben desenvolver, obxectivos, competencias, ... serán os equivalentes aos relacionados para as prácticas externas curriculares que se detallan no apartado precedente.



## C) PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG)

Segundo o programa de estudos da titulación o TFG é una materia de 6 créditos ECTS (equivalentes a 150 h), de carácter obligatorio e correspondente ao 4º curso, que consiste na realización, presentación e defensa ante un tribunal universitario dun exercicio integrador ou de síntese que permita aplicar as competencias adquiridas nas materias do grao. No momento da súa presentación o alumnado deberá ter superados todos os demais créditos necesarios para a obtención do título.

O obxecto da estadía nas dependencias da entidade colaboradora será a contribución á realización dos TFG, consonte as especificacións indicadas no respectivo plan de estudos e a guía docente da materia:

<http://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grado-nutricion-humana-dietetica/20202021/practicum-13955-13548-2-84425>.

A estadía terá unha duración comprendida entre 10 e 150 horas, en función do tipo de traballo a desenvolver.

Todos os aspectos relativos ao desenvolvemento desta materia recóllense na Normativa de Traballos Fin de Grao do Grao en Nutrición Humana e Dietética, aprobada polo Consello de Goberno da USC e que se atopa publicada na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/tfg>.



**Anexo VI.- Necesidades de formación práctica do Grao en Odontoloxía**  
**(prácticas en período non lectivo)**

---

### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase os programas de formación do Grao en Odontoloxía.
2. O Grao en Odontoloxía regúlase pola *Resolución de 14 de febreiro de 2008 da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación por la que se da publicidad al Acuerdo do Consejo de Ministros de 8 de febrero de 2008, por el que se establecen las condiciones a las que deberán adecuarse los planes de estudio conducentes a la obtención de títulos que habiliten para el ejercicio de la profesión regulada de dentista* (BOE nº 50, de 27 de febreiro de 2008), e pola *Orden CIN/2136/2008, de 3 de julio, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de dentista* (BOE nº 174 de 19 de xullo de 2008), así como o plan de estudos do grao.
3. A titulación de Grao en Odontoloxía impartida pola USC ten como obxectivo formar profesionais altamente cualificados para o coidado da saúde bucodental, mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas á prevención, detección, avaliación e tratamento das alteracións da saúde que dean resposta ás demandas sanitarias da sociedade. Para iso adquirirán coñecementos, habilidades e destrezas na metodoloxía e técnicas específicas no campo da odontoloxía. Todo iso dende o compromiso cos principios éticos e deontolóxicos da profesión da odontoloxía.
4. As prácticas amparadas baixo este anexo engloban as prácticas curriculares e as extracurriculares da titulación do Grao en Odontoloxía que se desenvolvan en período non lectivo.



5. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plan de organización docente.

## 2. Prácticas Académicas Externas do Grao en Odontoloxía

### OBXECTIVOS

Afondar nos seguintes obxectivos xerais:

- Saber facer unha historia clínica.
- Identificar os criterios de saúde oral.
- Coñecer a patoloxía bucodental máis frecuente nos seus aspectos clínicos.
- Saber indicar e interpretar os exames complementarios básicos necesarios para o diagnóstico da devandita patoloxía.
- Coñecer as indicacións dos diferentes tratamentos odontolóxicos.
- Coñecer o manexo odontolóxico en pacientes con patoloxía sistémica.
- Coñecer a prescripción farmacolóxica no ámbito odontolóxico e as posibles interaccións farmacolóxicas.
- Coñecer na práctica os conceptos da asepsia e antisepsia.
- Coñecer a importancia do traballo en equipo.

### CONTIDOS

A actividade en dedicación a tempo parcial durante un mes implicará o recoñecemento de 3 créditos ECTS no expediente do/a alumno/a, sempre que se xustifique ter acadado as competencias previamente establecidas. Enténdese dedicación a tempo parcial e permanencia na institución de 3 horas diarias durante catro semanas ou 6 horas diarias durante dúas semanas, o que representa un total de 60 horas presenciais, ás que se engadirán 15 horas de traballo persoal por parte do/a alumno/a (total: 75 horas).



## Anexo VII.- Necesidades de formación práctica do

### **GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA**

---

#### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Grao en Óptica e Optometría.
2. O Grao en Óptica e Optometría, que capacita para o exercicio profesional de Óptico Optometrista (*Ley 44/2003, de 21 de noviembre, de ordenación de las profesiones sanitarias*) regúlase pola *Resolución del 5 de febrero de 2009, de la Secretaría de Estado de Universidades, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros, por el que se establecen las condiciones a las que deberán adecuarse los planes de estudios conducentes a la obtención de títulos que habiliten para el ejercicio de la profesión regulada de Óptico-Optometrista* (BOE nº 41 de 17 de febrero de 2009), e pola *Orden Ministerial CIN/727/2009, de 18 de marzo por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos que habiliten para el ejercicio profesional de Óptico-Optometrista* (BOE nº 73 del 26 de marzo de 2009).
3. O título de Grao en Óptica e Optometría impartido pola USC ten como obxectivo formar titulados en Óptica e Optometría altamente cualificados para o coidado da saúde visual que dean resposta ás demandas da sociedade; e faino mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas á adquisición de coñecementos, habilidades e destrezas para a detección dos defectos da refracción ocular, a través da súa medida instrumental, a utilización de técnicas de reeducación, prevención e hixiene visual, e á adaptación, verificación e control das axudas ópticas. Todo dende o compromiso cos principios éticos e deontolóxicos da profesión de Óptico-Optometrista. Como consecuencia, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica en Óptica e Optometría coa finalidade de dar cumprimento ao seu programa



docente e contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

4. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Óptica e Optometría da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable das materias afectadas (Enfermidades Oculares I, Enfermidades Oculares II e Semiología e Fisiopatología Ocular) conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente.

## 2. Plan de formación práctica na materia obligatoria Enfermidades Oculares I

### OBXECTIVOS

- Aprendizaxe e manexo dos diferentes métodos de exploración necesarios para a "sospeita" dunha afección da órbita e os anexos oculares, dunha alteración do segmento anterior ou de glaucoma.
- Observación de pacientes con patología orbitaria ou de anexos oculares, con enfermedades da conjuntiva, da córnea ou do cristalino.

### COMPETENCIAS

- Coñecer os síntomas das enfermidades visuais e ser capaz de recoñecer os signos que se lle asocian.
- Actuar con criterio na detección e prevención dos principais trastornos oftalmológicos, co fin de remitir aos pacientes ao oftalmólogo para o seu estudio e tratamiento.
- Diferenciar os procesos banais das urgencias oftalmológicas que esixen a actuación inmediata do oftalmólogo.
- Explorar correctamente mediante biomicroscopia as diferentes estruturas oculares e os seus anexos, podendo recoñecer signos clínicos e lesións que conducen a unha sospeita diagnóstica.



### ACTIVIDADES A DESENVOLVER

- Medida dun exoftalmos.
- Exploración básica de pálpebras sendo capaz de recoñecer as seguintes lesións: triquíase, blefarite, ectropion, entropion, lagoftalmia.
- Medida da agudeza visual corrixida en pacientes con cataratas.
- Observación biomicroscópica dos distintos tipos de cataratas.
- Realizar e interpretar o test de Schirmer coas súas diferentes variedades.
- Tinguidura con fluorescina e recoñecemento dunha úlcera corneal.
- Diferenciar papilas e folículos conjuntivais.

## DURACIÓN

As prácticas da materia Enfermidades Oculares I terán unha duración de 16 horas.

### 3. Plan de formación práctica na materia obligatoria Enfermidades Oculares II

#### OBXECTIVOS

- Mediante a realización de prácticas clínicas, acadar a competencia suficiente para recoñecer a patoloxía ocular correspondente á materia (úvea, vítreo, retina, neurooftalmoloxía e manifestacións oculares das enfermidades xerais).
- Aprendizaxe do uso clínico da lámpada de fenda.
- Aprendizaxe das distintas técnicas de visualización do fondo de ojo (oftalmoscopia directa e indirecta, biomicroscopia... ).
- Aprendizaxe do manexo de sistemas de captura de imaxe (retinógrafo, tomografía de coherencia óptica).
- Realización de exploracións neurooftalmológicas.
- Estudo dos reflexos pupilares.
- Estudo da motilidade ocular
- Estudo do campo visual
- Observación de pacientes con patoloxía vitreoretiniana, uveal e neurooftalmológica

• Observación de patoloxía traumática dos ollos (asistencia a unha unidade de




urxencias oculares)

## COMPETENCIAS

- Coñecer e aplicar os procedementos e indicacións dos diferentes métodos de exploración clínica e as técnicas diagnósticas complementarias.
- Detectar e valorar os principais trastornos oftalmolóxicos, co fin de remitir os pacientes ao oftalmólogo para o seu estudo e tratamento, especialmente os encadrados no programa da materia, é dicir os trastornos uveais, neurolóxicos, vitreorretinianos e traumáticos.
- Coñecer as manifestacións das enfermidades sistémicas a nivel ocular.

## ACTIVIDADES A DESENVOLVER

- Manexo da lámpada de fenda.
- Manexo do oftalmoscopio directo e exploración do fondo de olllo con lentes de exploración binocular.
- Realización de retinografías non midriáticas.
- Coñecemento das exploracións complementarias más habituais en vitreorretina e a súa realización: anchiofluoresceingrafía, tomografía de coherencia óptica e ecografía.
- Interpretación dos signos de alarma de patoloxía vitreorretiniana
- Realización de campos visuais.
- Exploración da motilidade ocular
- Exploración dos reflexos pupilares.
- Asistir á unidade de urxencias, onde realizarán:
  - Exploración básica da superficie ocular en traumatismos leves
  - Identificar signos de risco en traumatismos contusos
  - Manexo das causticacións oculares
  - Identificar signos de traumatismos perforantes e das medidas a tomar mentres non recibe atención especializada.
  - Asistir á exploración de pacientes con manifestacións oculares de enfermidades sistémicas, especialmente patoloxías reumáticas, neurolóxicas e



vasculares.

## DURACIÓN

As prácticas da materia Enfermidades Oculares II terán unha duración de 16 horas.

### **4. Plan de formación práctica na materia obligatoria Semiología e Fisiopatología Ocular**

#### COMPETENCIAS

- Recoñecer as alteracións que modifigan o funcionamento normal e desencadean procesos patológicos que afectan á visión.
- Recoñecer os distintos tipos de mecanismos e procesos fisiopatológicos que desencadean as enfermidades oculares.
- Coñecer os síntomas das enfermidades visuais e recoñecer os signos asociados a estas.

#### CONTIDOS

- Signos e síntomas asociados ás enfermidades oculares.
- Mecanismos e procesos fisiopatológicos que desencadean as enfermidades oculares.
- Alteracións que modifigan o funcionamento normal e desencadean procesos patológicos que afectan á visión.

## DURACIÓN

As prácticas da materia Semiología e Fisiopatología Ocular terán unha duración de 5 horas.



## Anexo VIII.- Necesidades de formación práctica do

### GRAO EN PEDAGOXÍA


---

#### 1. Consideracións xerais

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Grao en Pedagogía.
2. O Grao en Pedagogía (Código RUCT: 2501110; Código USC G3081) regúlase polo Decreto 385/2009 (DOG 16/09/09).
3. O título de Grao en Pedagogía impartido pola USC ten como obxectivo formar profesionais preparados para analizar, deseñar, poñer en funcionamento e avaliar plans educativos, formativos, laborais e de asesoramento e orientación adaptados aos diversos contextos, institucións e persoas que os demanden. Trátase, porén, de formar profesionais preparados/as para analizar, deseñar, poñer en funcionamento e avaliar plans, proxectos, servizos educativos, formativos, laborais e de asesoramento e orientación adaptados aos diversos contextos, institucións e persoas que os demanden. En definitiva, formar profesionais da educación que desenvolvan a súa función en diversos contextos educativos e sociais, con capacidade para intervir nos ámbitos da formación e orientación laboral e do e-learning.
4. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Ciencias da Educación da USC. A titoría e coordinación será realizada polo profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plano de organización docente correspondente, sendo a persoa titular do Decanato a súa responsable máxima.

#### 2. Prácticas da Titulación

O sentido do Prácticum é permitir establecer un proceso de enriquecemento



mutuo entre o que se aprende nas clases universitarias, que axuda a ler, comprender e interpretar mellor o que ocorre nos escenarios de práctica profesional, e o que se vive e experimenta nos centros e institucións nos que se desenvolve o Prácticum, establecendo as oportunas relacións cos contidos teórico-práticos adquiridos.

O Prácticum constitúe un módulo central nos planos de estudio, servindo de elemento vertebrador das distintas materias que configuran o currículo da titulación. A través del o alumnado desenvolve o coñecemento que precisa como futuro profesional da educación, inmerso nun contexto institucional e laboral real. O Prácticum representa ademais un espazo para a socialización profesional do estudiante. Pódese decir, entón, que permite ao estudiante situarse en escenarios profesionais reais que favorecen a adquisición de coñecementos e a posta en práctica de habilidades e destrezas necesarias na súa futura inserción laboral. Neste contexto o estudiante observa, analiza, reflexiona e aprende a tomar decisións e a actuar. Permite, así mesmo, ao alumnado achegarse ao mundo profesional desde diferentes dimensións e o desenvolvemento, nun ámbito espazo-temporal concreto, das competencias profesionais fundamentais da titulación.

O Prácticum no Grao de Pedagoxía consta dun total de 30 ECTS, que se articulan ao longo Plan de estudios en dúas materias: Prácticum I, cunha carga de 12 ECTS, en terceiro curso, e Prácticum II, con 18 ECTS, en cuarto curso.

O Prácticum I céntrase fundamentalmente na observación e análise da realidade social e institucional e no deseño de intervencións educativas específicas como resposta as necesidades educativas concretas nun contexto real. No Prácticum II o alumnado intensificará a súa proxección na práctica profesional a través da realización nela do proxecto de intervención deseñado no Prácticum I.

O Prácticum I ten unha duración de 300 horas das cales 50 horas se desenvolven a través de actividades presenciais, 120 horas de estancia e intervención nos cen-




tros/institucións e 130 horas que corresponden ao traballo persoal do alumno. Os alumnos/as deben alcalzar os seguintes obxectivos:

- 1) Desenvolver habilidades comunicativas e de traballo grupal.
- 2) Coñecer e aplicar técnicas de observación do contexto profesional.
- 3) Analizar necesidades e demandas formativas e laborais en contextos experientiais.
- 4) Deseñar propostas de intervención axustadas ás necesidades e demandas das institucións e da poboación destinataria.
- 5) Elaborar e redactar informes, memorias técnicas e propostas de intervención.

As competencias específicas que o alumno/a debe adquirir durante o mesmo son:

- a. Aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos necesarios para a planificación, programación e avaliación de accións formativas en ámbitos presenciais e virtuais, así como para a organización, desenvolvemento e xestión de programas e equipos educativos.
- b. Elaborar, xestionar e/ou fazer uso directo dos recursos documentais, metodolóxicos e materiais que comporte o desenvolvemento da súa profesión e que poderán concretarse na redacción e difusión de informes, utilización de estratexias e métodos educativos, equipamentos e infraestruturas, etc.
- c. Relacionarse con outras persoas e grupos, con especial énfase no traballo en equipo e na colaboración con outros profesionais.
- d. Demostrar profesionalidade integrando teoría e práctica.
- e. Deseñar plans de formación, programas e propostas innovadoras de formación e desenvolvemento dos profesionais e dos recursos formativos.
- f. Deseñar, desenvolver e avaliar programas orientadores de inserción laboral.
- g. Diagnosticar as necesidades educativas de desenvolvemento educativo das persoas e das organizacións.

O Practicum II sitúase en cuarto curso do Grao en Pedagoxía e constitúe unha continuación do Practicum I xa realizado en terceiro. Aínda que é a secuencia que se pretende, é preciso advertir que poderán xurdir dificultades para o seu cum-



primento derivadas de cambios nos centros, nos titores/as, supervisores/as e/ou no propio alumnado. Pretende unha maior participación e responsabilidade do alumnado nas tarefas profesionais. Neste senso, á planificación súmase o desenvolvemento de procesos de intervención e evaluación dos mesmos así como a autoavaliación e a evaluación do centro ou institución na que teña lugar.

En continuidade co Practicum I, o Practicum II proxéctase no desenvolvemento no alumnado de competencias relativas á observación e análise da realidade profesional, o deseño de procesos de intervención e más directamente no desenvolvemento e a evaluación dos mesmos nun clima de colaboración que fomente a súa socialización profesional. Así, os obxectivos proxéctanse na adquisición polo alumnado das competencias xerais e específicas desta marteria correspondentes da Memoria de e os ámbitos de aplicación da pedagoxía, e especialmente no desenvolvemento de capacidades para:

- Deseñar, implementar e avaliar proxectos/programas de intervención educativa atendendo al contexto, necesidades detectadas e aplicando criterios de calidad en todo o proceso.
- Avaliar procesos de intervención pedagóxica e materiais didácticos.
- Elaborar informes técnicos.
- Traballar colaboración con outros profesionais, identificando claramente as funcións do pedagogo/a e os ámbitos nos que traballa.
- Relacionar conceptos teóricos-prácticos da formación previa coas necesidades que xurdan nos contextos da práctica.
- Fundamentar a proposta de intervención cun marco teórico de referencia propio a través dunha selección de fontes relevantes.

Durante a estadía de prácticas, que ten unha duración de 180 horas, o/a estudiante desenvolve o seu proxecto de intervención en estreita relación co tutor/a do centro e co supervisor/a da facultade. Ao longo deste proceso de intervención é importante que o alumno realice unha continua actividade de observación, autoobservación e reflexión, tomando datos para o perfeccionamento da súa propia activida-



de e para a elaboración ao final da mesma dunha Memoria-informe que constituirá o principal instrumento para a súa avaliación e autoavalía. Durante esta segunda fase terá lugar a segunda titoría obligatoria grupal, na que o/a alumno/a presentará un informe sobre o desenvolvemento do Plan de Practicum e unha primeira ficha de autoavalía. Así mesmo entregaranse as fichas de avaliación do centro. Poderán realizarse outras titorías de carácter individual e/ou grupal co supervisor/a para facilitar o seguimento e orientación da cada alumno na realización do seu proxecto.

En canto ás responsabilidades o alumno/a debe asistir e participar nas sesións presenciais que se concreten e de forma especial ás titorías obligatorias; incorporarse na data previamente acordada ao centro e cumprimento do calendario e horario establecido; participar nas tarefas propias de cada fase do Prácticum; desempeñar as responsabilidades que se lle asinen na institución baixo a dirección e o asesoramento do titor/a; respectar o segredo profesional sobre as informacións confidenciais referidas ao centro, ao equipo profesional, aos destinatarios dos programas e aos materiais, técnicas e recursos que empregue; respectar as normas propias do regulamento interno do centro; solicitar o consentimento do supervisor/a e/ou coordinador/a de calquera alteración no calendario, horario ou Plan de Practicum e comunicación ao titor/a e/ou supervisor/a de situacións imprevistas que poidan xur-dir.

Os/as titores/as da institución desempeñarán unha tarefa de acollemento, información, estímulo da capacidade de observación, de análise da realidade e de intervención na mesma. Constituirán, en coordinación cos supervisores da facultade orientadores no plano práctico do alumnado do Practicum II. De forma específica:

- Informarán ao alumno sobre características e funcionamento da institución, especialmente si é distinta daquela na que realizou o Practicum I.
- Facilitará a integración do alumno no conxunto de actividades profesionais da institución.
- Orientará ao alumno na concreción e posta en práctica do seu proxecto de intervención.



- Fomentará a súa capacidade de observación e reflexión sobre a práctica e a toma de decisións relativas á optimización da súa intervención.
- Avaliará aos alumnos en coordinación co supervisor/a da facultade.

Aos supervisores/as correspéndelles realizar as tarefas de orientación do alumnado na concreción do seu proxecto de intervención e de seguimento da realización do mesmo ao longo do período de prácticas. De forma específica deberá manter unha serie de reunións de tutoría obligatoria grupais e individuais para proporcionar información, orientacións e apoio. Correspéndelles tamén avaliar a cada alumno/a segundo os criterios establecidos no programa do Prácticum en coordinación co profesorado titor da institución.



## **Anexo IX.- Necesidades de formación práctica do Grao en Psicoloxía**

---

### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntranse os programas de formación do Grao en Psicoloxía.
2. O Grao en Psicoloxía regúlase pola *Resolución de 16 de febrero de 2010, de la Universidad de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios de Graduado en Psicología* (BOE de 5 de marzo de 2010).
3. O título de Grao en Psicoloxía impartido pola USC ten como obxectivo formar titulados en Psicoloxía altamente cualificados. Profesionais cos coñecementos científicos necesarios para comprender, interpretar, analizar e explicar o comportamento humano, e coas destrezas e habilidades básicas para avaliar e intervir no ámbito individual e social ao longo do ciclo vital, co fin de promover e mellorar a saúde e a calidade de vida.
4. Como consecuencia do anterior, a USC ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica en Psicoloxía coa finalidade de dar cumprimento ao seu programa docente e contribuir a unha mellor e más completa formación e cualificación do estudiantado.
5. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Psicoloxía da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plan docente correspondente. Os titulares profesionais deberán ser psicólogos, con título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, de especialista en Psicoloxía Clínica ou, transitoriamente, psicólogos rexistrados para realizar actividades sanitarias de acordo co sinalado no apartado 2 da

Disposición Adicional 6º da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social.



## **2. Prácticum do Grao en Psicoloxía**

O Prácticum do Grao en Psicoloxía ten unha duración de 270 horas. Durante este período o/a estudiante, guiado por unha profesional, tomará contacto co exercicio profesional da Psicoloxía.

### **COMPETENCIAS**

- Desenvolver os comportamentos do rol profesional básico: asistencia, puntualidade, respecto ás normas e usos do centro, respecto ás regras deontolóxicas e cumprimento das tarefas asignadas, entre outras.
- Desenvolver e pór en práctica competencias de carácter transversal propias do exercicio profesional: traballo en equipo, comunicación, empatía, análise e resolución de problemas, entre outras.
- Desenvolver e pór en práctica competencias específicas do psicólogo, aplicando para iso os coñecementos adquiridos: identificación de necesidades e problemas, avaliación psicolóxica, identificación de variables relevantes, interpretación das avaliações, elaboración de informes psicolóxicos, habilidades básicas de intervención psicolóxica, entre outras.

### **CONTIDOS**

Código Deontológico do Psicólogo/a. Práctica preprofesional supervisada no campo da Psicoloxía.

### **ACTIVIDADES FORMATIVAS**

As actividades formativas concretaranse no programa específico de actividades, en función das características, obxectivos e funcións de cada dispositivo; contemplará o contacto do/a estudiante con toda a gama de actuacións, labores e tarefas que se desenvolven, sempre baixo a tutela do profesional responsable.



## Anexo X.- Necesidades de formación práctica do Grao en Veterinaria

---

### 1. Consideracións xerais

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Grao en Veterinaria.
2. O Grao en Veterinaria regúlase polo *Decreto 150/2010, do 16 de setembro, polo que se autoriza a implantación e se suprime ensinanzas universitarias oficiais nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2010-2011 e se crean, suprimen e modifican centros universitarios* (DOG nº 184 de 23 de setembro de 2010) e pola *Resolución de 17 de febrero de 2011, de la Universidad de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios de Graduado en Veterinaria* (BOE nº 53 de 3 de marzo de 2011).
3. O título de Grao en Veterinaria impartido pola USC ten como obxectivo formar titulados en Veterinaria altamente cualificados que alcancen o dominio dos coñecementos propios da titulación en Veterinaria, o desenvolvemento das súas capacidades de análise, organización, planificación e actuación de cara a desenvolver o exercicio profesional en materia de producción e control sanitario dos alimentos de orixe animal e coidado sanitario das poboacións así como a participación na saúde pública e no mantemento dos ecosistemas naturais. Como consecuencia, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación e prácticas en Veterinaria, coa finalidade de dar cumprimento ao seu programa docente e contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.
4. Ditas prácticas Prácticas Curriculares (Obrigatorias e Optativas) estarán coordinadas pola Facultade de Veterinaria da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente.



## **2. Plan de formación práctica**

A materia Prácticas Externas de carácter optativo (6 ECTS) e as materias, Estancias Clínicas (9 ECTS) e Estancias Non Clínicas (8 ECTS) do Módulo Prácticas Tuteladas, desenvolveranse nos centros ou unidades administrativas da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde. A duración será a establecida na programación académica das nomeadas materias, no período acordado polo Consello de Goberno da USC para cada curso académico.



## Anexo XI.- Necesidades de formación práctica do

### **MÁSTER UNIVERSITARIO EN ATENCIÓN SANITARIA, XESTIÓN E COIDADOS**

---

#### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Máster Universitario en Atención sanitaria, xestión e coidados.
2. O Máster Universitario en Atención sanitaria, xestión e coidados ten carácter profesionalizante e investigador e está orientado á formación e especialización no ámbito sociosanitario, contribuíndo a unha mellor e más completa formación e cualificacións dos/as titulados/as en ciencias da saúde.
4. O título de Máster Universitario en Atención sanitaria, xestión e coidados impartido pola USC ten como obxectivo ofrecer ao alumno unha visión interdisciplinar da atención e a xestión sanitaria a través do coñecemento da teoría, das liñas de investigación e da formación práctica.
5. As Prácticas Académicas Externas desenvolveranse nos centros ou unidades administrativas da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde. Terán unha duración de 500 horas na Especialidade Clínica e 175 horas na de Especialidade de Xestión. A súa realización e superación suporá o recoñecemento e a incorporación ao expediente do alumno de 20 créditos ECTS de carácter obligatorio na Especialidade Clínica e de 7 créditos ECTS de carácter obligatorio na Especialidade de Xestión.
6. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Enfermería da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente.



## **2. Plan de formación práctica**

### **OBXECTIVOS**

#### **Especialidade clínica**

- Coñecer o funcionamento da unidade onde realice as prácticas. Nestas inclúense unidades especiais de UCI, reanimación, queimados; hemodinámica, UCI pediátrica, urxencias hospitalarias, quirófano, hemodiálise, transplantes e as unidades Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061.
- Desenvolver actividades de valoración, coidados e avaliación das persoas que atende en estados específicos, do estadio vital a situacíons especiais de riscos, aplicando os procedementos axeitados en cada momento.

#### **Especialidade de xestión**

- Proporcionar a xestión da atención integral e multidisciplinar que garanta unha atención de calidade.
- Garantir unha abordaxe integral e multidisciplinar da atención socio-sanitaria dos diferentes tipos de profesionais aos que vai dirixido o máster.
- Proporcionar a xestión das unidades que garanten a actividade asistencial.
- Proporcionar as bases científicas e aplicadas da planificación e xestión sanitarias.
- Analizar, dende un punto de vista práctico, os problemas e as soluciones que comporta a xestión das unidades, centros e sistemas sanitarios.
- Proporcionar unha visión global e específica dos aspectos obxecto de estudo, dende o punto de vista de diferentes profesionais con perfil de acceso ao máster, centrándose especialmente nos aspectos sanitarios, económicos, organizativos, docentes e investigadores.



## CONTIDOS

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, o contido específico das prácticas ou das estadías tratará de proporcionar ao alumnado unha visión global no que atinxo ao obxecto da formación recibida. Así mesmo, os programas de formación das Prácticas Externas contarán cunha planificación na que se fará constar: as competencias que debe adquirir o/a estudiante, a dedicación en créditos ECTS, as actividades formativas que debe desenvolver o/a estudiante, o calendario, o horario, así como o sistema de avaliación.



## Anexo XII.- Necesidades de formación práctica do

### MÁSTER EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

---

#### 1. Consideracións xerais

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntranse os programas de formación do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.
2. O Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria regúlase pola *Orden ECD/1070/2013, de 12 de xuño, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habilite para el ejercicio de la profesión titulada e regulada de Psicólogo Xeral Sanitario así como o establecido na Memoria para a verificación do Título Oficial de Master Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria pola Universidad de Santiago de Compostela pola Comisión de Verificación y Acreditación de Planes de Estudios del Consejo de Estudios del Consejo de Universidades en su sesión del día 27 de febrero de 2014.*
3. O título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria impartido pola USC ten como obxectivo formar titulados en Psicoloxía Xeral Sanitaria altamente competentes para a realización de avaliacións, intervencións e investigacións psicolóxicas sobre aqueles aspectos do comportamento e a actividade das persoas que inflúen na promoción e mellora do seu estado xeral de saúde.
4. Como consecuencia do anterior, a USC ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica en Psicoloxía Xeral Sanitaria coa finalidade de dar cumprimento ao seu programa docente e contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

5. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Psicoloxía da USC,



actuando como supervisor o profesorado universitario responsable delas conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente. Os titulares profesionais deberán ser psicólogos, con título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, de especialista en Psicoloxía Clínica ou, transitoriamente, psicólogos rexistrados para realizar actividades sanitarias de acordo co sinalado no apartado 2 da Disposición Adicional 6<sup>a</sup> da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social.

## 2. Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

O Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria desenvólvense en dúas materias: Prácticum I e Prácticum II. A materia Prácticum I ten unha duración de 280 horas presencias no centro ou centros nos que desenvolvan as prácticas; para a materia Prácticum II a duración da estadía no centro ou centros será de 420 horas presenciais. O/a estudiante poderá realizar as prácticas das dúas materias en diferentes centros, servizos ou dispositivos.

### PLAN FORMATIVO

As prácticas adecuaranse aos obxectivos (resultados de aprendizaxe) e competencias que deben adquirir os estudiantes nestas materias, definidos no plan de estudios, adaptados ao centro, servizo ou dispositivo no que se desenvolvan. Para estos efectos, contarase cunha ficha na que se recolla a información básica de cada centro, servizo ou dispositivo en canto a características do servizo, horario, obxectivos e características dos usuarios.

### CONDICIÓN S QUE DEBEN CUMPRIR OS CENTROS

- As prácticas externas do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria realizaranse en centros, servizos e dispositivos do Servizo Galego de Saúde, que ofrecen atención psicológica no ámbito sanitario e que, pola propia natureza do Servizo Galego de Saúde, teñen o recoñecemento de Centros Sanitarios.

Os centros que o Servizo Galego de Saúde pon a disposición da USC para a realización das prácticas deberán cumplir co criterio de taxa de actividade estableci-



do na Orde ECD/1070/2013, dun mínimo de 400 consultas ao ano das que 80 serán novas. O número máximo de estudiantes asignados a cada titor profesional non poderá ser superior a dous por período de prácticas, cumprindo así o establecido na Orde citada (que fixa un máximo de 10 estudiantes/profesional).

- Os centros nos que realizarán as prácticas deberán contar con recursos específicos acordes coa práctica clínica desenvolvida, especificamente:
  - Arquivo de historias clínicas: almacenamento e manexo que garantan a confidencialidade.
  - Rexistro informatizado de casos e actividade asistencial.
  - Biblioteca con textos básicos para apoio clínico-terapéutico ou acceso a fonte de datos dixitais.
  - Ferramentas de aplicación para a exploración psicolóxica (test) e de ponderación clínica (escadas).
  - Área física con disponibilidade de instalacións polivalentes nas que se podan desenvolver actividades formativas específicas.
- Os centros contan con normas de organización, xestión interna e control de calidade básicas que inclúen:
  - Normas, escritas e coñecidas, sobre a organización interna e, en especial, sobre a coordinación dos diferentes centros ou servizos sanitarios.
  - Programación anual por obxectivos.
  - Memoria anual de actividades.
  - Protocolos básicos, actualizados, de aplicación diagnóstica e terapéutica.
  - Reunións periódicas.
  - Sesións clínicas periódicas (mínimo unha por mes).
- Os centros a disposición para as prácticas, deberán satisfacer os seguintes indicadores de actividade:
  - Recursos humanos: psicólogos con título de Máster Universitario en Psicología Xeral Sanitaria, de especialista en Psicoloxía Clínica ou, transitoriamente, psicólogos rexistrados para realizar actividades sanitarias de acordo co sinalado no apartado 2 da Disposición Adicional 6<sup>a</sup> da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social.



- Programas ou actividades asistenciais reguladas no marco de programas de actuación establecidos no Centro. Poderán considerarse algúns dos seguintes: programas de avaliación psicolóxica, programas de intervención psicolóxica ou programas específicos (adiccións, terapia de parella, atención aos trastornos de comportamento do anciano, atención aos trastornos de comportamento de nenos e mozos, apoio psicolóxico a doentes con patoloxías crónicas).



## Anexo XIII.- Necesidades de formación práctica do

### MÁSTER EN PSICOXERONTOLOXÍA

---

#### 1. Consideracións xerais

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encontranse os programas de formación do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.
2. O Máster Universitario en Psicoxerontoloxía regúlase pola Memoria de Verificación do Título Aprobada pola Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes con data 28 de febreiro de 2014.
3. O título de Máster Universitario en Psicoxerontoloxía impartido pola USC ten como obxectivo a formación especializada en Psicoloxía do avellentamento para poder desenvolver un traballo cualificado, en avaliación, diagnóstico e intervención nos diferentes contextos e dispositivos residenciais, ambulatorios, comunitarios ou domiciliarios de atención a persoas maiores.
4. Como consecuencia do anterior, a USC ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica en Psicoxerontoloxía coa finalidade de dar cumprimento ao seu programa docente e contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.
5. Ditas prácticas estarán coordinadas pola Facultade de Psicoloxía da USC, actuando como supervisor o profesorado universitario responsable das mesmas conforme ao estipulado no plan de organización docente correspondente.

#### 2. Prácticas externas do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía

O contido específico das prácticas externas do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía trata de proporcionar ó alumno unha visión global da empresa, a través dos seus distintos departamentos directamente relacionados coa área da



## **Psicoloxía e a Psicoxerontoloxía.**


Segundo a Memoria de Verificación do Título Aprobada pola Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes con data 28 de febreiro de 2014, a materia Prácticas Externas (Código: P2171109) presenta as seguintes características:

- Tipo de materia: obligatoria
- Créditos ECTS: 13
- Período: 2º semestre
- Distribución de horas presenciais do/a estudiante: Prácticas externas (con titores profesionais): 275 horas; Titorías (con titores académicos): 15 horas; Preparación de traballos: 35 horas
- Organización temporal (no último curso, modificado polas condicións sanitarias):
  1. Oferta de Centros, petición por parte do alumnado. Adxudicación de titores.
  2. Adxudicación de Centros.
  3. Realización de Prácticas externas. Estadías nos Centros.

## **RESULTADOS DA APRENDIZAXE**

- Aplicación dos coñecementos adquiridos nas materias obligatorias e optativas como profesional psicólogo nos distintos centros nos que se realicen as prácticas.
- Experiencia práctica en avaliación e intervención psicolóxica con persoas maiores sas e enfermas.
- Experiencia práctica no traballo multidisciplinar nos centros de atención a persoas maiores.
- Experiencia práctica na intervención con familias e coidadores nos centros de atención a persoas maiores

- Demostrar que se adquiriron coñecementos, actitudes e habilidades para



enfrontarse con eficiencia e profesionalidade ás tarefas de avaliación e intervención psicolóxica con persoas maiores sas e enfermas nos contextos familiares e institucionais, así como para traballar en equipos multidisciplinares nos distintos dispositivos de atención ás persoas maiores.

## CONTIDOS

1. Avaliación e diagnóstico cognitivo, persoal, social e funcional dos maiores.
  - 1.1. Avaliación das funcións cognitivas.
  - 1.2. Avaliación do estado afectivo
  - 1.3. Avaliación de integración social e redes de apoio
  - 1.4. Avaliación da autonomía funcional e dependencia
2. Intervención e tratamento persoal, social e ambiental.
  - 2.1. Programas de intervención cognitiva: percepción, atención, memoria, reminiscencia, linguaxe, funcións executivas, psicomotriz.
  - 2.2. Programas de intervención funcional e ocupacional, habilidades básicas, instrumentais e avanzadas.
  - 2.3. Programas de intervención nos problemas de conduta e afectivos
  - 2.3. Programas de integración social e comunitaria.
  - 2.4. Intervención no ambiente físico, o propio centro e o domicilio.
3. Orientación e formación familiar e institucional.
  - 3.1. Orientación a coidadores e familiares.
  - 3.2. Programas de atención a coidadores familiares e institucionais: manexo de estrés, reestruturación cognitiva, manexo de conflitos, etc.
  - 3.3. Orientación, formación e asistencia psicolóxica para traballadores do centro.
4. Dirección e xestión dos recursos materiais e humanos.
  - 4.1. A organización e dirección dos centros.



4.2. O traballo no equipo interdisciplinar.

4.3. Recursos sociosanitarios estatais, autonómicos e locais

## COMPETENCIAS

### Competencias básicas e xerais

CG3 - Planificar, desenvolver e supervisar o proceso de avaliação psicogerontológica nos diferentes contextos e ámbitos de actuación.

CG4 - Deseñar, desenvolver, supervisar e avaliar plans e programas de intervención e tratamiento psicogerontológico en función da avaliação previa e das variables individuais, sociais e institucionais.

CG5 - Mostrar habilidades de comunicación interpersonal e de manexo das emocións axeitadas para unha interacción efectiva coas persoas maiores, familiares, coidadores e demais profesionais implicados na atención xerontolóxica.

CG8 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problema a ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro dos contextos interdisciplinares relacionados coa Psicogerontología.

CG7 - Saber identificar as implicacións éticas da súa actuación profesional e axustarse ás obrigas deontolóxicas da Psicoloxía e demais profesións afíns, mostrando un compromiso ético e profesional en relación coas responsabilidades cívicas, sociais e globais.

CG6 - Saber identificar e formular problemas de investigación no contexto do seu exercicio profesional, e contribuir á súa abordaxe de acordo cos métodos, técnicas e procedementos de investigación propios das ciencias da saúde, sociais e do comportamento.

CB7 - Que os estudantes saibam aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo



CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e confrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos

CB9 - Que os estudantes saibam comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades

CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudiando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónoma.

#### Competencias transversais

CT1 - Saber obter, analizar e sintetizar información especializada.

CT2 - Mostrar un sentido crítico razonable, curiosidade intelectual e capacidade de argumentación sobre problemas complexos.

CT3 - Desenvolver as habilidades en manexo de tecnoloxías da información e comunicación.

CT4 - Desenvolver a capacidade de traballo autónomo con capacidade autocrítica.

CT5 - Desenvolver a capacidade para traballar en grupo e solucionar problemas de forma cooperativa.

#### Competencias específicas

CE2 - Ser capaz de planificar e desenvolver unha avaliación utilizando os instrumentos e técnicas más convenientes.

CE3 - Ser capaz de interpretar os resultados dunha avaliación e de fazer un diagnóstico sobre as persoas e/ou situacións avaliadas.

CE4 - Saber elaborar informes e comunicar os resultados das avaliações con diferentes propósitos e para diferentes destinatarios.

CE5 - Saber planificar e desenvolver programas de intervención seleccionando os

obxectivos, os procedementos e os instrumentos máis apropiados en función das características do problema e do contexto.

CE6 - Saber deseñar e desenvolver programas específicos relacionados coas trastornos psicolóxicos e os problemas sociais más frecuentes en persoas maiores.

CE7 - Saber asesorar e intervir no ámbito familiar das persoas maiores tanto sas coma enfermas

CE8 - Saber deseñar e planificar programas de intervención ambiental e social que axuden a mellorar a calidade de vida das persoas maiores

CE9 - Coñecer os recursos e a organización do sistema de atención sociosanitaria ás persoas maiores.

CE10 - Saber adecuar as actuacións ao marco legal e administrativo correspondente e promover os cambios que se consideren necesarios para mellorar a atención ás persoas maiores.

CE11 - Saber identificar e formular problemas de investigación e participar no deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación en Psicogerontología.


CE12 - Coñecer, aplicar e interpretar análise de datos aplicada ao estudo do envellecemento.

CE1 - Saber aplicar as teorías sobre o envellecemento na conceptualización dos casos e situacións concretos

## METODOLOXÍA

Os profesores responsables/tutores académicos serán profesores/ás do programa que serán asignados/ás a cada alumno/a pola Comisión Académica.

As Prácticas Externas serán realizadas nalgún dos centros ou dispositivos xerontológicos cos que se mantén convenio de colaboración. No Servizo Galego de Saúde, as Prácticas Externas do Máster Universitario en Psicoxerontoxía realizanse na Unidade de Psicoxeriatría do Hospital Psiquiátrico de Conxo, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.



Serán tuteladas polos profesores da Universidade de Santiago de Compostela responsables que actuarán como tutores académicos, e por un tutor/a externo pertencente ao centro ou dispositivo correspondente.

As actividades realizadas durante as Prácticas Externas reflectiranse nun Informe.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliação consistirá na presentación por escrito dun Informe-memoria cunha extensión máxima de 50 páxinas con interlineado de 1,5 e tamaño de letra 12, incluíndo Anexos, e que conteña os seguintes apartados:

1. Descripción.

1.1. Descripción do centro, contexto, usuarios e funcionamento.

1.2. Descripción do plan xeral de intervención e/ou servizos do centro.

2. Memoria do traballo e intervencións realizadas no centro

2.1. Descripción e xustificación das actividades realizadas.

2.2. Valoración das actividades realizadas.

2.3. Análise e proposta de melloras do plan xeral de intervención e/ou servizos.

3. Valoración das Prácticas externas.

Unha copia do informe escrito será entregado ao/a tutor/a externo/a e outra ao/a tutor/a académica. Ao finalizar o período de prácticas o/a tutor/a externo/a emitirá un informe de avaliação do/a alumno/a sobre coñecementos, habilidades e actitudes mostradas durante o período de realización das Prácticas externas, cubrindo o documento de avaliação correspondente que se lle enviará antes do inicio destas.

A puntuación da avaliação das Prácticas externas será dun máximo de 10 puntos e componse de:

1. Avaliación do Informe-memoria entregado que se pondera entre un mínimo de 3 e un máximo de 5 puntos.



2. Informe emitido polo/a titor/a externa que se pondra entre un mínimo de 2 e un máximo de 5 puntos.

## PRÁCTICAS EXTERNAS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

As Prácticas Externas do Máster Universitario en Psicoxerontoxía realizanse no Servizo Galego de Saúde na Unidade de Psicoxeriatría do Hospital Psiquiátrico de Conxo, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

As Unidades de Psicoxeriatría son un servizo especializado en persoas maiores que da resposta asistencial específica á poboación maior con patoloxía mental complexa, e que está composta, entre outros, por profesionais da psiquiatría e da psicoloxía.



**Anexo XIV.- Necesidades de formación práctica do**  
**MÁSTER UNIVERSITARIO EN SAÚDE PÚBLICA**

---

**1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, encóntrase o programa de formación do Máster Universitario en Saúde Pública.
2. O Máster Universitario en Saúde Pública está orientado á especialización profesional e investigadora en Saúde Pública. Esta titulación foi verificada mediante unha Resolución do Sudirector Xeral de Coordinación Universitaria do 31 de agosto de 2009. O carácter oficial do título foi acordado en Consello de Ministros e publicado no BOE do 16 de decembro de 2010 e o plan de estudos foi publicado no BOE do 28 de febreiro de 2011.
3. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde contan cunha Unidade Docente Autonómica acreditada para a formación de Médicos Especialistas en Medicina Preventiva e Saúde Pública, cuxo programa formativo inclúe a realización dun Curso Superior de Saúde Pública, cuxos contidos son compatibles co programa do Máster Universitario en Saúde Pública impartido pola USC.
4. O Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina da USC, responsable da titulación do Máster en Saúde Pública, está acreditado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar dende 19/06/2019 como dispositivo da Unidade Docente de Medicina Preventiva e Saúde Pública de Galicia.

**2. Plan de formación práctica**

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, o contido específico das prácticas ou das estadias tratará de proporcionar ao alumno unha visión global da administración sanitaria no que atinxo ao obxecto de formación recibida (a través



dos seus distintos departamentos directamente relacionados coa área de interese). A estadía terá unha duración de 140 horas (7 horas diárias, durante 4 semanas).



## **Anexo XV.- Necesidades de formación práctica das titulacións non sanitarias**

### **1. Consideracións xerais**

1. Entre as actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico que realiza a Universidade de Santiago de Compostela, enconátranse un conxunto de titulacións non sanitarias, entre elas as seguintes: Grao en Administración de Dirección de Empresas, Grao en Bioloxía, Grao en Bioquímica, Grao en Biotecnoloxía, Grao en Ciencia Política e da Administración, Grao en Economía, Grao en Enxeñaría Informática, Grao en Enxeñaría Química, Grao en Física, Grao en Historia, Grao en Historia da Arte, Grao en Matemáticas, Grao en Química, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e o Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.
2. De forma habitual o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia de Coñecemento en Saúde, oferta prazas de prácticas académicas externas (curriculares optativas ou extracurriculares) para as titulacións mencionadas no punto anterior.
3. O Servizo Galego de Saúde poderá introducir, na súa oferta de prazas, novas titulacións de entre as que imparte a USC, se así o considera de interese. Pola súa parte, a USC poderá remitir ao SERGAS as necesidades de prácticas doutras titulacións previamente non ofertadas, sempre que se poidan desenvolver nas instalacións do SERGAS.

### **2. Prácticas académicas externas do Grao en Administración e Dirección de Empresas**

Actividades relacionadas coa Xestión: realización e control de compras e vendas, recursos humanos, actividades administrativas, intervención e asesoramento económico.



### **3. Prácticas académicas externas do Grao en Bioloxía**

- a) Análise bioquímica, microbiolóxica e citolóxica de mostras de orixe humana.
- b) Análises fisiolóxicas.
- c) Cultivo e identificación de bacterias, virus, fungos e parásitos.
- d) Técnicas analíticas como HPLC, citometría, cromatografía, etc.
- e) Análise xenética incluíndo PCR, cariotipaxe e secuenciación de DNA.

### **4. Prácticas académicas externas do Grao en Bioquímica**


- a) Prácticas profesionais, con avaliación final de competencias, en hospitais, centros de atención primaria e unidades de saúde pública que permitan incorporar os valores profesionais e competencias propias do ámbito da Bioquímica e da Bioloxía Molecular.
- b) Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos e multidisciplinares.
- c) Completar a formación académica do estudiante mediante a interrelación co mundo laboral e empresarial, mellorando así tanto a capacitación científica e técnica adquirida nas materias obligatorias do título como as súas competencias transversais e habilidades persoais.

### **5. Prácticas académicas externas do Grao en Biotecnoloxía**

- a) Análise bioquímica, microbiolóxica e citolóxica de mostras de orixe humana.
- b) Análises fisiolóxicas.
- c) Cultivo e identificación de bacterias, virus, fungos e parásitos.
- d) Técnicas analíticas como HPLC, citometría, cromatografía, etc.

### **6. Prácticas académicas externas do Grao en Ciencia Política e da Administración**

- a) Colaboración en tarefas administrativas relacionadas cos principais procesos



organizativos.

- b) Asistencia no desenvolvemento da función de recursos humanos, xestión de asuntos económicos e infraestrutural e xestión da calidade.
- c) Asistencia en tarefas de comunicación interna e externa.
- d) Elaboración de informes.
- e) Análise de datos (cualitativa e cuantitativa).
- f) Organización de bases de datos documentais e datos comúns.
- g) Manexo e interpretación de distintos documentos.
- h) Seguimento e avaliación de actividades.
- i) Deseño de proxectos e campañas.

## 7. Prácticas académicas externas do Grao en Economía

Actividades relacionadas coa xestión: realización e control de compras e vendas, recursos humanos, actividades administrativas, intervención e asesoramento económico.

## 8. Prácticas académicas externas do Grao en Enxeñaría Informática

- a) Planificación do desenvolvemento de pequenas aplicacións de software específicas do SERGAS.
- b) Análise de requisitos funcionais do software e aprender a fixar as especificacións obxecto dos concursos do SERGAS.
- c) Deseño de software (modelado ER, UML, interface persoas-ordenador).
- d) Desenvolvemento do software deseñado.
- e) Mantemento de aplicacións baseadas en web.

## 9. Prácticas académicas externas do Grao en Enxeñaría Química

- a) Xestión de análise e residuos sólidos e efluentes líquidos de hospitais.
- b) Estudos técnicos de sistemas de xeración de enerxía e climatización de centros hospitalarios e de saúde.



- c) Análises químicas de laboratorio.

#### **10. Prácticas académicas externas do Grao en Física**

- a) Comprensión e estudo das fontes de radiación nos hospitais.
- b) Adquisición de coñecementos prácticos dos protocolos de dosimetria para as diferentes calidades de feixe e procedementos diagnósticos e terapéuticos (radioloxía, medicina nuclear, radioterapia).
- c) Adquisición de coñecementos prácticos dos procedementos de diagnóstico por imaxe realizados mediante radiación ionizante. Protocolos de control de calidade.
- d) Realización de medidas e a súa análise posterior de acordo co establecido nos protocolos e procedementos pertinentes.

#### **11. Prácticas académicas externas do Grao en Historia**

- a) Busca, selección e clasificación de información.
- b) Arquivos de documentación.

#### **12. Prácticas académicas externas do Grao en Historia da Arte**

- a) Busca, selección e clasificación de información.
- b) Arquivos de documentación.

#### **13. Prácticas académicas externas do Grao en Matemáticas**

- a) Utilizar aplicacions informáticas de: análise estatística, cálculo numérico e simbólico, visualización gráfica e optimización.
- b) Uso de software científico para resolver problemas no ámbito das Ciencias da



#### **14. Prácticas académicas externas do Grao en Química**

- a) Coñecemento dos principios teóricos dos distintos métodos analíticos utilizados para a medición de diferentes parámetros. Habilidades no manexo e control dos analizadores. Interpretación dos datos no seu contexto fisiopatolóxico. Probas diagnósticas.
- b) Funcionamento xeral do Servizo e manipulación de aparatos (microscopia automatizada, HPLC, monitoraxe de fármacos e inmunosupresores, electroforese capilar e nefelometría, ANAS e ENAS).
- c) Análise bioquímica e xenética, control de calidade e manexo de aplicacións informáticas para laboratorio clínico.
- d) Rotación nas sección do Laboratorio, para adquirir as competencias de recepción e procesamento de mostras, seguimento, microscopia e análise, e manexo de equipos de identificación. Validación e informe de resultados.

#### **15. Prácticas académicas externas do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos**


Actividades vinculadas aos departamentos de: recursos humanos, administración, prevención de riscos laborais e calquera outro vinculado polo seu perfil profesional.

#### **16. Prácticas académicas externas do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio**

- a) Busca, selección e clasificación de información.
- b) Arquivos de documentación.

#### **17. Prácticas académicas externas do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial**

- a) Coñecemento dos principios teóricos dos distintos métodos analíticos utilizados para a medición de diferentes parámetros. Habilidades no manexo e



control dos analizadores. Interpretación dos datos no seu contexto fisiopatolóxico. Probas diagnósticas.

- b) Funcionamento xeral do Servizo e manipulación de aparatos (microscopía automatizada, HPLC, monitoraxe de fármacos e inmunosupresores, electroforese capilar e nefelometría, ANAS e ENAS).
- c) Análise bioquímica e xenética, control de calidade e manexo de aplicacións informáticas para laboratorio clínico.
- d) Rotación nas seccións do Laboratorio, para adquirir as competencias de recepción e procesamento de mostras, seguimento, microscopia e análise, e manexo de equipos de identificación. Validación e informe de resultados.
- e) Análise xenética incluíndo PCR, cariotipado e secuenciación de DNA.



